

Roi Vidal

O asesinato de Zinaida Reich

Hipótese escalena



**PROGRAMA DE DESARROLLO DE DRAMATURGIAS ACTUALES
DEL
INSTITUTO NACIONAL DE LAS ARTES ESCÉNICAS Y DE LA MÚSICA**



**O asasinato de
Zinaida Reich**
Hipótese escalena

Roi Vidal (Santiago de Compostela, 1982)

Licenciado en Filología Gallega por la Universidad de Santiago de Compostela y en Dirección de Escena por la Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Escritor, director y profesor de teatro, es además miembro del grupo musical Ataque Escampe.

Finalista en 2008 del II Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico (Xerais) con la pieza *Último capítulo*. En 2012 obtuvo el Premio Concello de Carral de poesía con el poemario titulado *Teatro*. En 2014 publicó una biografía de su padre, el dramaturgo Roberto Vidal Bolaño, titulada *Fóra de Portas* (Edicións Positivas). Ha publicado numerosos textos de teatro y poesía en revistas especializadas (Casahamlet, Dorna, Revista das Letras) y ediciones colectivas (“Historia dunha man” en *Novos autores II*, Laiovento, 2009; “Canción triste de Wall Street” en *Banqueiros*, Laiovento, 2014). En 2016 ganó el XII Premio Barriga Verde de textos para teatro de títeres convocado por la Axencia Galega das Industrias Culturais en la modalidad para adultos con la obra *Marcha fúnebre para un monicreque*.

Crítico y estudioso del hecho teatral en medios como Vieiros, Faro de Vigo, Protexa o Praza Pública, actualmente firma sus críticas teatrales en Teatro Crítico Universal, el magazine de crítica teatral de la Revista Galega de Teatro (<https://rgtcrítica.wordpress.com/author/rgtcrítica/>)

Roi Vidal

O asasinato de Zinaida Reich

Hipótese escalena

en forma de obra de teatro sobre a vida do director teatral ruso Vsevolod Meierhold contada por un grupo amador baixo a dirección de Rafael Dieste coa axuda da súa muller, Carmen Muñoz, na vila de Rianxo no ano 1963.



© Roi Vidal

© *De la presente edición:*

Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música

Diseño y maquetación:

Vicente Alberto Serrano

Cubierta:

Esperanza Santos

(sobre el *Retrato de Meierhold*, de Boris Grigóriev, 1916)

NIPO: 035-16-080-0

V Programa de Dramaturgias Actuales

El Programa de Dramaturgias Actuales llega ya a su quinta edición como una consolidada plataforma para la proyección y promoción del trabajo de nuestros jóvenes dramaturgos. En estos años el proyecto ha confirmado que nos encontramos ante una excelente generación de escritores que en muy poco tiempo ha alcanzado una extraordinaria madurez y una gran calidad creadora, como lo demuestran los diferentes galardones y el aplauso con que el público ha recibido sus trabajos.

Desde el Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música (INAEM) nos sentimos orgullosos de la puesta en marcha de este programa y reafirmamos nuestra apuesta por la promoción de la escritura dramática contemporánea, con el apoyo de otras importantes iniciativas, como la Muestra de Teatro Español de Autores Contemporáneos de Alicante –que ya ha alcanzado su XXIV edición–, y la concesión del Premio de Teatro para autores noveles Calderón de la Barca.

A este esfuerzo por respaldar los primeros pasos de las nuevas generaciones de autores debemos añadir también los diferentes proyectos impulsados desde el Centro Dramático Nacional (CDN) –unidad dependiente del INAEM–, entre otros, el programa *Escritos en la escena*, enmarcado en el proyecto de investigación teatral del Laboratorio Rivas Cherif, y el programa *Dramatourgias*, un conjunto de talleres de teatro español contemporáneo impartidos por jóvenes dramaturgos que el CDN organiza junto a la AECID por diferentes países de Latinoamérica.

Además de estas actividades, conviene también destacar el acuerdo suscrito recientemente por el INAEM y la Biblioteca Electrónica del Instituto Cervantes, una iniciativa que facilitará el acceso de un mayor número de ciudadanos nacionales y extranjeros a textos significativos de la dramaturgia española contemporánea que hayan sido llevados a escena en el CDN y que no estén publicados previamente en ninguna editorial comercial.

A los 23 autores incluidos en las cuatro ediciones anteriores del Programa de Dramaturgias Actuales, se suman en esta nueva promoción cinco nombres que reflejan el momento de especial pujanza y variedad que vive la dramaturgia actual. Con orígenes y miradas diferentes, nos atrevemos a asegurar que Paco Gámez, Almudena Ramírez-Pantanella, Lucía Miranda, Javier Vicedo Alós y Roi Vidal, sabrán aprovechar el impulso de esta iniciativa. Que el mundo del teatro y el público conozcan y celebren próximamente la calidad de los textos de nuestros jóvenes escritores es el objetivo de este programa.

INAEM

O asasinato de Zinaida Reich

Hipótese escalena

en forma de obra de teatro sobre a vida do director teatral ruso Vsevolod Meierhold contada por un grupo amador baixo a dirección de Rafael Dieste coa axuda da súa muller, Carmen Muñoz, na vila de Rianxo no ano 1963.

ELEMENTOS DO DRAMA

Rianxo

(Verán de 1963)

RAFAEL DIESTE,
escritor exiliado retornado. 64 anos.

CARMEN MUÑOZ,
a súa entregada esposa. 57 anos.

HELENA QUINTÍA,
actriz moderna. 21 anos.

VETERANO,
mariñeiro xubilado metido a actor amador. 72 anos.

AURORA,
ama de casa viúva metida a actriz amadora. 50 anos.

UN OBREIRO.

Rusia

(1939-1901)

VSEVOLOD MEIERHOLD.
Director teatral.

OLGA MUNT.
A súa primeira muller.

ANATOLI LUNACHARSKI.
*Comisario Popular de Educación e Cultura da República
Soviética de Rusia.*

BORIS GRIGORIEV.

Pintor.

VERA KOMISARIEVSKAIA

Actriz e empresaria teatral.

KONSTANTIN STANISLAVSKI.

Mestre da interpretación.

VLADIMIR NEMIRÓVICH-DÁNCHENKO.

Cofundador do Teatro da Arte de Moscova.

Xalundes

(Tempo morto / Espazo baleiro)

VSEVOLOD

RAFAEL

Lembranzas e fantasmas da segunda muller de MEIERHOLD, ZINAIDA REICH, e máis de VLADIMIR ILLICH LENIN, LEV TROTSKI, JOSIF STALIN, JAMES DEAN, MARLON BRANDO, LEE STRASBERG, JERZY GROTOWSKI, FRANÇOISE HARDY, ENRIQUE GUZMÁN, VLADIMIR MALAKOSKI e FRANCISCO FRANCO.

NOTA: Aínda que moitas das intervencións dos personaxes máis importantes están tiradas de textos escritos por eles mesmos e a historia está baseada en personaxes reais e en acontecementos históricos, todos os feitos son inventados. Os títulos das escenas están tirados de apuntamentos do libro sobre xeometría, *Teoría do espazo*, que Rafael Dieste deixou inconcluso.

SEGMENTO A

1. Liberdade de horizonte

O primeiro que se escoita é un disparo. Despois entra a luz. Casa de Rafael Dieste en Rianxo. Trastes arrombados para lle deixaren espazo aos ensaios. Piano de parede. Máquina de escribir. Cadeiras para o elenco sentar.

No centro do espazo teatral, HELENA interpreta o papel de MEIERHOLD, mentres AURORA, que fai de NARRADORA, permanece na tanxente. VETERANO, DIESTE e CARMEN observan a escena.

NARRADORA: Mil novecentos trinta e nove! Poucos días antes de morrer fusilado, Meierhold deféndese ante o Congreso Pansoviético de Directores de Escena.

MEIERHOLD: Acusádesme de formalista, de buscar a orixinalidade na forma obviando o contido. Dicides que na procura dos medios esquecín os obxectivos. É unha acusación grave... coa que estou completamente de acordo. É certo que ao longo da miña vida artística montei algúns espectáculos nos que quería probar algunhas ideas. Eran espectáculos experimentais nos que a forma, abofé, xogaba un papel predominante. Pero foron poucos. Cóntanse cos dedos dunha man...

CARMEN: (*Atenta.*) Seica un mestre non ten...

MEIERHOLD: ...Seica un mestre non ten dereito a experimentar? Seica non ten dereito moral a comprobar na práctica as súas ideas creadoras, mesmo no suposto de que acaben por se demostraren erradas? É que non ten dereito a errar? Se todos os mortais teñen dereito a equivocarse...

DIESTE: A se equivocaren.

MEIERHOLD: Se todos os mortais teñen dereito a se equivocaren, eu son un mortal máis. O resto da miña produción artística non ten nada de formalista. Ao contrario. Todos os meus esforzos foron encamiñados á procura dunha forma orgánica.

DIESTE: (*Corta.*) Pensa onde estamos agora...

HELENA: Onde estamos...?

DIESTE: O estalinismo no seu punto álxido! Estás a te defenderes dunha acusación inxusta... E a túa única arma é a retórica.

HELENA: Suponse que son unha persoa nerviosa que nunca para quieta.

DIESTE: Continúa. E sen perder a posición, por favor.

HELENA toma impulso para se converter de novo en MEIERHOLD.

MEIERHOLD: Permítanme afirmar que case sempre encontré a forma orgánica que mellor lle acaía a cada obra. Mais sempre era a miña forma, a de Meierhold, non a de Stanislavski nin a de Tairov. E esa forma era portadora dos trazos da miña personalidade artística. É iso

formalismo? Na vosa opinión, que é o formalismo? Ou ao revés, que é o antiformalismo? Que é o realismo socialista? Probablemente, o realismo socialista é o antiformalismo ortodoxo. Gustaríame formular estas preguntas non só desde un punto de vista teórico senón tamén nunha dimensión práctica. Como chaman vostedes o que está a suceder agora mesmo no teatro soviético? Hei responder con claridade: se o que vostedes fixeron co teatro soviético o chaman antiformalismo, se consideran un logro do teatro soviético o que se está a representar agora nos escenarios dos mellores teatros de Moscova, eu prefiro ser un formalista.

DIESTE: Iso é! Con dignidade: “eu prefiro ser un formalista”. Con fachenda!

MEIERHOLD: Eu prefiro ser un formalista...!

CARMEN: Porque creo que o que hai nos nosos teatros...

MEIERHOLD: ...Porque creo que o que hai nos nosos teatros é horrible e penoso. Non sei se é antiformalismo, realismo, naturalismo ou outro *ismo* calquera, mais sei que está falto de talento e é malo. E esa cousa indixente, pobre, que pretende chamarse teatro do realismo socialista, non ten nada a ver coa arte. E é que o teatro é arte! E sen arte... Non hai teatro!

DIESTE: Control, señorita Quintía. Non deixe que o corpo traizoe a harmonía do espazo.

HELENA: A min o que me pide o corpo neste monólogo é cuspir no chan.

CARMEN: Helena...!

DIESTE: A retórica! A retórica é a arma nesta escena! Xa terá outras máis movidas, señorita Quintía. Aquí o estatismo é necesario. (*A todas.*) Xa lles teño dito que isto non é naturalismo. Isto é teatro, non cinema.

HELENA: Creo que aínda non lle teño pillado o punto ao personaxe.

DIESTE: Remate, señorita Quintía.

HELENA: Si... Un segundo... (*Repasa.*) ...Se consideran un logro do teatro soviético o que se está a representar agora nos escenarios dos mellores teatros de Moscova, eu prefiro ser un formalista... Eu prefiro ser un formalista e...

CARMEN: Vaian aos teatros de Moscova...

MEIERHOLD: ...Vaian aos teatros de Moscova, vexan eses grises e aburridos espectáculos que se parecen todos entre si e que son cada cal peor. Agora é difícil distinguir as características do Teatro Mali das do teatro de Vakhtangov, as do Karmeni das do Teatro da Arte. Onde hai pouco fervían con forza as ideas artísticas, onde os artistas, a base de buscas, erros, atrancos e desvíos, creaban cousas, ás veces malas, mais outras veces magníficas...

HELENA: Estes incisos...! Non podemos quitálos?

DIESTE: Non pare! Por favor, non pare!

CARMEN: Xa miraremos de quitálos, Helena. Agora continúa, por favor...

MEIERHOLD: Onde hai pouco fervían con forza as ideas artísticas... Onde os artistas, a base de buscas, erros,

atrancos e desvíos, creaban cousas, ás veces malas, mais outras veces magníficas-, onde se facía o mellor teatro do mundo, reina agora, grazas a vostedes, unha triste mediocridade, unha estremeceadora ausencia de talento. A iso é ao que aspiraban? Daquela cometeron un verdadeiro crime. Perseguindo o formalismo aniquiláron a arte!

VETERANO, AURORA e CARMEN aplauden.

DIESTE: Moitas grazas. Ímolo deixar aquí por hoxe. Repítolles o que xa saben: todo ten que estar medido. Control corporal e control espacial. Lémbrenlo para a próxima vez, por favor.

CARMEN e o elenco xúntanse nun lado onde ela lles axuda a quitar algúns elementos do vestiario e do atrezzo. DIESTE auséntase no lado oposto. HELENA vai onda el.

HELENA: Rafael! Que tal o fixen? Algunha indicación específica...?

DIESTE: Xa lle dixen que ben, señorita Quintía... E non, non hai máis indicacións que as que acabo de facerlles. Algo máis?

HELENA: Unha pregunta....

DIESTE: Adiante, señorita Quintía. Dispare.

HELENA: É só por curiosidade... Quen vai facer de Zinaida?

DIESTE: Zinaida...?

HELENA: A muller de Meierhold. A que mataron.

DIESTE: Ah...! Refireste a Zinaida...

HELENA: ...Reich.

DIESTE: Iso... Reich. A actriz.

HELENA: Actriz e muller de Meierhold... Non é que non me motive interpretar un personaxe masculino, mais... a personaxe de Zianida Reich é tamén moi interesante... A escena da súa morte...

DIESTE: Quero facer unha obra sobre o gran director soviético, non sobre as miserias da súa vida privada.

HELENA: Matárona! Matárona antes de o mataren a el!

DIESTE: A dor non é máis profunda que o gozo.

HELENA: Cando te pos filosófico non hai quen te entenda!

DIESTE: Se me desculpa, señorita Quintía... Teño cousas que facer. *(Sae)*

HELENA: Pense no que lle dixen. O asasinato de Zinaida Reich. Mesmo sería un bo título para a obra...

2. Anotacións cosmolóxicas

Penumbra iluminada por luz branca. A proxección da luz nas formas do espazo debuxa unha figura xeométrica de contornos difusos e arestas agresivas. RAFAEL encóntrase con VSEVOLOD.

VSEVOLOD: Non foi así.

RAFAEL: É unha recreación ficticia...

VSEVOLOD: Eu non era así...

RAFAEL: Que me dis da convención consciente? Non podemos xogar a crer que foi así, aínda que sexa imposible sabermos como foi?

VSEVOLOD: Cando te pos filosófico non hai quen te entenda...

RAFAEL: Non quero facer teatro realista. Nunca o fixen. Nin ti. Fuches condenado por iso... Lembras?

VSEVOLOD: Condenado... Soa como un insulto.

RAFAEL: A represión estalinista...

VSEVOLOD: Sei como acabou a miña vida. E sei os porqués.

RAFAEL: O único que pretendo é intentar comprender o contexto... E difundir o teu exemplo.

VSEVOLOD: E cres que vas poder falar de min neste contexto? Unha persoa coma ti. Un retornado...

RAFAEL: Agosto do 63 non é o do 36. A orde dos números altera considerablemente o resultado neste caso. Sei onde estou. E sei como crear sen traizoar as miñas

ideas e sen que as miñas ideas me traizoen a min. Mira! Agora estou a traballar nunha escena na que falas con Lunacharski...

VSEVOLOD: Lunacharski! Foi un bo home, a pesar de todo...

RAFAEL: É despois dunha función d'*A chinche*. El di che que o deixa, porque cheira que as cousas con Stalin van virar cara a unha dirección que non sae nos mapas. E é aí cando ti comezas a ver que todo vai ir a peor.

VSEVOLOD: Non vin nada diso nese momento. Tardei en asumir que a revolución acabara sendo un fracaso.

RAFAEL: Nesa esa escena Lunacharski é moi crítico con Stalin. Atácao desde dentro. Un censor dimitindo porque non atura tanta censura! Non me digas que non é un caramelo para os censores de Franco!

VSEVOLOD: Nin sequera recordo que estivese na estrea d'*A chinche*. Supoño que mo diría por carta. Naqueles tempos escribíanse moitas cartas.

RAFAEL: Isto é teatro, non podemos dar toda a información por carta. A concreción dos encontros é necesaria. O diálogo é necesario. E o movemento...

VSEVOLOD: O movemento é o máis importante...

RAFAEL: Abofé. O movemento é...

VSEVOLOD: Quero ver a súa morte.

RAFAEL: Como?

VSEVOLOD: Quero ver a súa morte.

RAFAEL: A de Lunacharski?

VSEVOLOD: A dela.

O ASASINATO DE ZINAIDA REICH

RAFAEL: A dela?

VSEVOLOD: Xa vin a miña. Agora quero ver a dela.

RAFAEL: Pero... A súa morte... Non se sabe nada sobre a súa
morte... Non podo saber como foi!

VSEVOLOD: Invéntao!

3. Sobre a recta I

DIESTE no seu cuarto. Mesa con libros. Compás, escuadro e cartabón. Colle un libro, consulta no índice, vai á páxina, segue co dedo os parágrafos, encontra o que buscaba. Entra CARMEN. Obsérvao.

CARMEN: Xa estás con iso?

DIESTE: Volviches cedo.

CARMEN: Pecháronme as tendas.

DIESTE: A min chégame coas sobras da comida.

DIESTE: Traes correo?

CARMEN: Carta de Gabriel Zaid. Preparaches o ensaio de mañá?

DIESTE: Pódesma ler en voz alta?

CARMEN: Impórtache se abro a fiestra?

DIESTE: Pechei para non deixar entrar a calor.

CARMEN: Agora xa vai algo de fresco.

DIESTE: Tan tarde é?

CARMEN le na carta.

DIESTE: Que di?

CARMEN: Quere saber se continúas tan interesado nos teus *marabillosos* estudos matemáticos... E...

DIESTE: E que máis...? Veña dimo!

CARMEN: E ofréceme a posibilidade de escribir unha biografía sobre Xoana de Arco...

DIESTE: Non esquezas contestarlle. A última vez amosouse molesto pola tardanza. Da miña parte dille... Bah! Dille o que queiras!

DIESTE intenta ler. Cústalle.

CARMEN: Preocúpache algo?

DIESTE: Intento concentrarme.

CARMEN: Tes preparado o ensaio de mañá?

DIESTE: Acabo de ler este capítulo e póñoome con iso. Prométocho.

CARMEN: Vas querer que che pase algo a limpo?

DIESTE: Por agora só teño borradores.

CARMEN: E vasme contar algún día cal vai ser a túa nova descuberta? Ou é un segredo reservado para a ciencia?

DIESTE: Ti non o entenderías...

CARMEN: Rafael... Fun inspectora de educación pública nos tempos da Institución Libre de Enseñanza...

DIESTE: É complexo. Por que cres que me ten tan ocupado?

CARMEN: Non vas acadar nada con tanto número. Es un home de letras. Un artista.

DIESTE: Aquí hai moita arte. E moitas letras, por certo!

DIESTE le. CARMEN acércase á mesa para coller os libros e lerlle os títulos.

CARMEN: *(Le)* “Anotaciones cosmológicas”... “Tratado mínimo de las paralelas”... “Sobre la recta”... “O asasinato de Zinaida Reich”?

DIESTE: Dáme iso!

CARMEN: Zinaida Reich...?

DIESTE: A muller de Meierhold... A segunda.

CARMEN: Matárona?

DIESTE: Iso parece.

CARMEN: E faremos esta escena na obra? O asasinato...?

DIESTE: É só un borrador.

CARMEN: Quen a matou?

DIESTE: Non o sei... Non se sabe nada do tema, e non vou chamar a Kruschév para llo preguntar.

CARMEN: Imos representar a súa morte...?

DIESTE: Non quero que a obra se converta nun *grand guignol* sanguento.

Silencio.

CARMEN: Estás contento co elenco que escollemos? Ela parece unha rapaza moi intelixente. Non parece de aquí. Nin desta época.

DIESTE: As aparencias ocultan, ou iso parece.

CARMEN: É unha sorte que poidamos contar cunha rapaza tan ben formada.

DIESTE: Unha sorte? E que vai pensar a censura cando veña ver a obra e vexa unha muller a interpretar un home?

CARMEN: Non tiñamos opción...

DIESTE: Tiñamos a opción de Veterano.

CARMEN: Pero para o papel de Meierhold fai falta unha persoa con máis táboas, ti mesmo o dixeches.

DIESTE: Velái a nosa mala sorte. Se todo o elenco fosen tan malos actores como Veterano facíao el e asunto resolto. E ela ser será boa... Mais non tanto. Crese moi moderna, pero gústalle esa canción tan cursi, a que cantou na proba... A desa... Como se chama?

CARMEN: Françoise Hardy?

DIESTE: Esa...

CARMEN: A ti non che gusta? Seica é o éxito do verán en toda Europa...

DIESTE: Se teño que escoller, prefiro *Cien kilos de barro* de Enrique Guzmán, aínda que só sexa pola letra... Facémonos vellos, Carmen. Nós e os que viviron o que nós vivimos. Agora, a xente nova fíxase no cine americano. Queren ser como Marlon Brando ou como ese que se esnafrou co coche...

CARMEN: James Dean.

DIESTE: Ese.

Silencio.

CARMEN: Sabemos algo do das obras?

DIESTE: Os albaneis fan o que poden, mais non sempre coincide co que eu quero.

CARMEN: Non te nos irás meter tamén a arquitecto?

DIESTE: Eu de planos non entendo. Do que entendo é de soños!

CARMEN: Terán que acabar o que deixaron a medias!

DIESTE: Entenderás que non é moi agradable traballar con esta calor...

CARMEN: A cousa íase rematar en semanas e xa levamos máis de medio ano. Cando fixo frío porque facía frío e agora...

DIESTE: Xa logo se ha acabar. Antes de que remate o ano viviremos nunha fermosa vila mariñeira con vistas ao mar...

CARMEN: E sen caruncho, nin...

DIESTE: E sen caruncho, nin humidade, nin ratos. Prométocho.

DIESTE quere volver a ler. Non pode.

DIESTE: Que lle vas poñer?

CARMEN: Que?

DIESTE: A Gabriel... Vas aceptar? A ti sempre che interesou moito Xoana de Arco...

CARMEN: Xa verei... Teño que pensalo...

Silencio.

CARMEN: Vou ver se nos queda algo na despensa.

DIESTE: Non ías abrir a fiestra?

CARMEN: Case me esquezo! (*Irónica.*) Menos mal que estás en todo!

DIESTE: (*Amigable.*) Anda e non me marees! E tráeme aínda que sexa un xureliño en escabeche, que teño fame.

CARMEN: (*Achegándose a el e fregándolle a caluga nun principio de masaxe.*) Xureliño...? En escabeche...?

O ASASINATO DE ZINAIDA REICH

DIESTE: Agora non, Carmen! Agora non!

Míranse. CARMEN sepárase e sae.

SEGMENTO B

4. Proceso construtivo e demostración

Na estancia onde ensaian a obra. DIESTE ante un semicírculo formado por VETERANO, AURORA, HELENA e CARMEN.

DIESTE: Estamos no ano mil novecentos vinte e nove. A escena comeza ao acabar unha función d'*A chinche* de Maiakovski... Carmen vaivos repartir un primeiro borrador da escena para que vos vaiades familiarizando cos personaxes. Veterano, vostede fará de Lunacharski.

VETERANO: Por min como se teño que facer de Kubala!

DIESTE: Polo que teño entendido era un home moi relixioso, mais deses crentes cuxa espiritualidade non os pecha en si mesmos, senón que os abre ao mundo. Sabe que promoveu un xuízo a Deus? Acabárono fusilando. Fusilando a Deus!

VETERANO: A ver que me pide, señor Dieste... Que unha cousa é facer de Kubala e outra tirar as faltas coma el... E a Deus mellor deixalo tranquilo, que xa ha de ter moito traballo...

DIESTE: Lembras cando fixemos *A fiestra valdeira*?

VETERANO: Como esquecelo?

DIESTE: Actuastes todos como auténticas figuras! Lembras que ao acabar a representación, o público aplaudiu e tivestes que saír varias veces a saudar?

VETERANO: Pero aí habíalle truco, señor Dieste...

DIESTE: Truco?

VETERANO: É que xogabamos na casa! E o nivel non era baixo... Agora, aquí, coa señorita Quintía...

HELENA: Ensinareiche todo o que sei, Veterano... E serás un grande actor.

DIESTE: En canto a vostede, señorita Quintía... Esta é a escena na que todo cambia. Meierhold está no cénit da súa carreira como director de teatro. É un dos artistas máis queridos de toda a Unión Soviética. Mais Lunacharski ten unha nova que lle dar. Unha nova que anticipa o que virá... E o que virá, como xa sabemos, é peor do que ninguén imaxinaba...

CARMEN: Como queres que se coloquen, Rafael?

DIESTE: Se lles parece, podemos facer unha primeira lectura co texto na man. De momento aínda non hai posicións marcadas. Imos traballar coa forma do triángulo, de acordo? Poden estar vostedes por onde queiran, mais deben de conformaren en todo momento unha figura triangular... Unha figura triangular na que cada personaxe é un vértice. Expliqueime ben?

Silencio.

DIESTE: Algunha dúbida?

Silencio.

AURORA: E eu quen son?

DIESTE: Formulado así... Semella unha pregunta moi profunda, Aurora.

AURORA: Que de quen fago!

DIESTE: Se non lle importa repetir... Volverá a ser a narradora.

AURORA: Eu facer fágollo, señor Dieste... O malo son eses nomes rusos que non hai quen os lea.

DIESTE: Se non hai máis preguntas... Comezamos?

HELENA, VETERANO e AURORA érguense das cadeiras papéis en man e van cara ao centro do espazo. Mentres CARMEN os axuda a se prepararen para comezar, HELENA afástase do grupo e vai onda RAFAEL.

HELENA: Rafael... Permítesme unha preguntíña?

DIESTE: Faltaría máis! Dispare.

HELENA: Preciso algunha indicación sobre a intención de Meierhold nesta escena...

DIESTE: Quere saber a intención antes de saber que é o que pasa?

HELENA: En realidade necesitaría saber cal é o superobxectivo de Meierhold no conxunto de toda a obra...

DIESTE: O que?

HELENA: O superobxectivo. É o obxectivo xeral que un personaxe ten... É un termo stanislavskiano que deberías coñecer!

DIESTE: É que eu son autodidacta.

HELENA: Tiña entendido que fixeras unha viaxe por toda Europa para investigar sobre diferentes estéticas teatrais...

DIESTE: E non foi a estética do teatro naturalista a que máis me interesou.

HELENA: Non se trata da estética, senón do método. Das ferramentas que unha actriz necesita para facer o seu papel. Como vou encontrar na miña vida algo que se asemelle a Meierhold se ignoro por completo a vida de Meierhold? Como me vou deixar levar pola verdade do personaxe se non sei...

DIESTE: Estamos a facer unha obra de teatro que conte a vida de Meierhold. É moi diferente a facer de Meierhold para contar a túa vida.

HELENA: Eu tamén quero contar a vida de Meierhold, mais o teatro non é un conto, senón acción. Como podo coñecer o pasado do meu personaxe se o que xa lle aconteceu en vida aínda non pasou na historia que conta a obra?

DIESTE: Xa lles expliquei que a cronoloxía inversa...

HELENA: Si! Esa historia do neno suicida! Podes contar a historia como che pete... Pero dáme indicacións! Preciso indicacións!

DIESTE: De momento imos limitarnos a ler a escena.
(*Retranqueiro*) Indícoche que leas.

HELENA: Oíra falar da túa amabilidade antolóxica, mais xa vexo que é a distancia a que engrandece as cousas.
(*Volve ao espazo da actuación.*)

CARMEN: Ben. Pois se estamos listos, comezamos...

DIESTE: Adiante.

5. Axioma, procedencia e función

O grupo comeza a ensaiar a escena.

NARRADORA: (*Aurora pronuncia os nomes rusos con moita dificultade.*) Mil novecentos vinte e nove. Teatro Estatal Meierhold. O éxito e a polémica fan que cada vez acuda xente máis importante a ver a representación d'*A chinche* de Vladimir Maiakovski.

VETERANO: (*Inseguro.*) Empezo eu, non?

DIESTE: (*Comprensivo.*) Se fas o favor...

LUNACHARSKI: (*A MEIERHOLD.*) Vesevol...

CARMEN: Perdón! Veterano: *Vsevolod*.

VETERANO: Si... E eu que dixen?

CARMEN: Dixeches *Vesevol* e é *Vsevolod*.

VETERANO: Xa. *Vsevolod*... Manda truco cos rusos, eh?

DIESTE: Continúen, por favor.

LUNACHARSKI: (*Lendo.*) *Vsevolod*, meu amigo; es un director consagrado! Por que non deixas de experimentares?

MEIERHOLD: (*Facendo coma quen que xa actúa.*) Experimentar? Con esta obra Maiakovski di unha palabra nova no eido da dramaturxia e, á vez, a obra causa marabilla pola elaboración especialmente acabada do material verbal. Ocorréselle a un pensar naquelas magníficas páxinas de Gógol que, unha vez lidas, deixan unha impresión moi particular: non son prosa nin verso. A estrutura do material verbal é tan orixinal que fará escribir ríos de tinta a quen a estudar.

HELENA: (*Abrupta.*) Esta réplica é un pouco confusa, non?

DIESTE: (*Paciente.*) A ver... Que é o que non entende, señorita Quintía?

HELENA: A referencia a Gógol é demasiado críptica.

DIESTE: Ah, é críptica?

HELENA: O público non vai saber como escribía Gógol. Nin sequera creo que Meierhold fose un gran lector de novelas.

DIESTE: Pois sorprenderalle saber que esta intervención está tirada letra por letra dun escrito do propio Meierhold, señorita Quintía.

HELENA: Ai, deixa de chamarme *señorita Quintía!*

CARMEN: Helena ten razón, Rafael.

DIESTE: (*Sorprendido.*) Como?

CARMEN: Os escritos de Meierhold non son sagrados. Está ben usármolos como fonte de información primaria, mais non é preciso respectalos literalmente. A referencia a Gógol sobra. Non o ves? Se a quitas tampouco se perdería gran cousa, e o diálogo quedaría moito máis fluído.

DIESTE: Está ben. Vós gañades. Quitamos esa frase.

CARMEN: Ben, entón a cousa quedaría...

HELENA: Quedaría...

MEIERHOLD: Experimentar? Con esta obra Maiakovski di unha palabra nova no campo da dramaturxia e, á vez, a obra causa marabilla pola elaboración especialmente acabada do material verbal. A estrutura do material

verbal é tan orixinal que fará escribir ríos de tinta a quen a estudar.

DIESTE: Moi ben. Perfecto! Xa vedes que non son tan difícil de convencer. Continuamos?

CARMEN: Tócache a ti, Veterano...

VETERANO: Ah, si... (*Busca o texto nos papeis.*) Eh... Aquí está...

LUNACHARSKI: (*Le.*) Sempre fuches un grande entusiasta, mais segue a che faltar a intuición pragmática. Se continúas por esta vía, nun par de temporadas estarás artisticamente morto.

MEIERHOLD: Xa estiven morto unha vez, e resucitei artisticamente.

DIESTE: (*Cortando.*) Desculpen... Sinto interromper... Helena, poderías facer unha breve pausa entre a palabra *resucitei* e a palabra *artisticamente*?

HELENA: Unha pausa?

DIESTE: Si. Unha pausa, coma se houberse puntos suspensivos...

HELENA: Mira... eu facer fãgocha, pero esta non é maneira de abordar un personaxe como o meu.

DIESTE: Ah, non? E cal é?

HELENA: Somo persoas, Rafael. Disnos que compoñamos un triángulo, que leamos o texto e que fagamos pausas, pero non nos dis nada sobre os nosos personaxes. Non somos monicreques do teu Retablo de Fantoches. Iso acabou. Agora hai outras técnicas...

DIESTE: Técnicas? Pensei que había que se deixar levar pola verdade do personaxe...

HELENA: Por suposto que hai técnicas, mais non son mecánicas nin puramente físicas.

DIESTE: Pois dime dunha vez cales son! Instrúeme, ti que es tan lista!

HELENA: Pois exercicios de quecemento... Ou a improvisación. Iso é o que facía Stanislavski, deixaba o texto a un lado e animaba o elenco a improvisar sobre unhas circunstancias dadas, unhas intencións, uns sucesos...

DIESTE: Esquece a Stanislavski! Estás interpretando a Mehierhold!

CARMEN: Rafael!

DIESTE: (*A CARMEN. Axitado.*) Non pode pretender facer de Meierhold coas técnicas de Stanislavski! Sería tan absurdo como pretender facer de Stanislavski coas técnicas de Meierhold!

CARMEN: Tranquilo, Rafael!

DIESTE: Mellor será facermos un descanso. Que a señorita Quintía ensine exercicios de quecemento, se lle apetece... (*Sae.*)

Silencio.

VETERANO: Carmen, queres que vaia buscalo?

CARMEN: Desculpádeo. Leva uns días un pouco alterado. Podedes recoller e marchar.

VETERANO e AURORA recollen as súas cousas para se iren. CARMEN vai ir detrás de DIESTE, pero córtaa HELENA.

HELENA: Carmen... Síntoo.

CARMEN: Perde coidado, Helena.

HELENA: Só trato de aplicar o que aprendín. E non estou disposta a agachar a cabeza ante ninguén.

AURORA: Di que si, miña nena! Ti deféndete, contro!

CARMEN: Ti non tes culpa ningunha. Só vos pediría a todos que intentádeses tratalo cun pouco máis de paciencia... Ultimamente está a durmir moi pouco e anda con demasiadas cousas na cabeza. Creo que ten iso ao que na Arxentina lle comezaban a chamar *stress*.

AURORA: Miña filla tamén o tivo. Seica é moi común aló na Alemaña.

VETERANO: Iso de volverdes acó logo de tantos anos... El antes era máis tranquilo.

CARMEN: A vida constrúese con decisións complicadas.

HELENA: Disque estivestes a piques de morrer na guerra...

CARMEN: El non o estivemos todos?

VETERANO: Eu non. Nunca tiven libros na casa nin lle entendín moito de política. Quen ía querer vir por min?

AURORA: Mellor non falarmos destas cousas. O pasado pasado está.

HELENA: Iso non é certo! O noso pasado continúa aquí.

CARMEN: Por que dis iso?

HELENA: Ti eras unha muller libre, Carmen. Tiñas unha profesión. Mesmo escribías... Gabriel díxome que che

encargara unha biografía sobre Xoana de Arco, e que tardabas en lle contestar.

AURORA: Gabriel? E ese quen é?

CARMEN: Un amigo común.

HELENA: O dono da editorial máis importante de toda Latinoamérica.

AURORA: E ti como sabes tantas cousas sobre ela? Tan famosa é, señora Carmen? Non me soa vela nas revistas...

HELENA: Aquí a señora Carmen e o señor Rafael foron sempre moi coñecidos... nos círculos da loita antifranquista.

VETERANO: (*Alarmado.*) Cala a boca, Helena; que te metes en problemas!

HELENA: Nós somos o problema! Do que non vos decatades é de que tamén somos a solución.

CARMEN: Sabes, Helena? Eu tamén fun nova. Tamén fun revolucionaria. É certo: estiven a piques de morrer escapando da guerra. Porque loitei de obra, non de palabra. Que facedes os da vosa xeración?

HELENA: Eu aborrezco a miña xeración! Confórmanse co 600 e cun par de *guateques* ao mes nos que intentan mollar o churro mentres non paran de mollar a palleta. E as mulleres... A poñerse guapas e a *sus labores*! Para min ti es o exemplo a seguir. Ou éralo... Até que te coñecín de vez.

CARMEN: Pensabas que ía andar pola casa enfundada nunha bandeira tricolor e cunha teta ao aire?

HELENA: Pensaba que terías unha vida propia. E dóeme ver que o dito é certo. Que detrás dun grande home sempre hai unha gran muller.

CARMEN: Moléstache que axude ao meu home? Pensas que non é propio dunha muller coma min?

HELENA: Detrás, Carmen! Daste de conta? *Detrás!*

6. Tratado mínimo das paralelas

Na penumbra. Agora a iluminación provén doutro punto do espazo e provoca que o feixe de luz trace unha figura diferente . VSEVOLOD le algún dos libros escritos por DIESTE.

RAFAEL: Tamén les?

VSEVOLOD: *Tamén?*

RAFAEL: Aquí, neste xalundes...?

VSEVOLOD: A biblioteca é un mundo.

RAFAEL: O mundo está cheo de mortos.

VSEVOLOD: E os mortos... Baleiros de mundo.

RAFAEL: Pois a ti véseche completo. Apostaría a que te podo tocar sen atravesarte.

VSEVOLOD: Igual levas unha sorpresa.

RAFAEL: Como é? Estar e non estar.

VSEVOLOD: A pregunta correcta sería como *non* é. Aínda que iso non vai mudar a resposta.

RAFAEL: As preguntas! Tan humanas e á vez tan fantasmagóricas!

VSEVOLOD: Non che gustan as preguntas?

RAFAEL: Vouche dar unha resposta moi galega: depende. Hai preguntas e preguntas.

VSEVOLOD: Eu teño algunhas preguntas concretas que che facer. A min sempre me gustou a concreción.

RAFAEL: Ti sempre tiveches alma de xornalista, e dos pesados.

VSEVOLOD: Toda a miña vida teatral é un intento de lle dar respostas diversas ás mesmas preguntas.

RAFAEL: Iso é o que temos en común ti e máis eu, que somos cristais con varia facetas, mais dunha soa peza. Dispara.

VSEVOLOD: Por que eu? Por que non Appia...? Ou Reinhardt...? Ou Craig...?

RAFAEL: Cada vez que creo algo intento aprender cousas que non sei. No 35, coa bolsa e a viaxe por Europa, aprendín moito sobre Craig, sobre o teatro grego, e sobre moitas cousas ás que agora xa non... Non lles encontro o punto. Co tempo a túa figura foi cobrando maior magnitude nos meus soños escénicos, e ao volver pensei... Pensei que dar a coñecer un artista soviético podería ser unha maneira de...

VSEVOLOD: De axustar contas...?

RAFAEL: Un artista condenado a morte pola mesma revolución que o encumbrou!

VSEVOLOD: Creo que sei por onde vas... Outra pregunta... Por que volvestes?

RAFAEL: Necesitaba volver a España... Temía ter perdido as pistas da actualidade, e refirome á máis concreta, a que hai que ver e sentir de preto. Era un propósito diferido... Mais nalgún momento comezou a cambiar o criterio dos emigrados: o que, polas súas persoais circunstancias, puidese volver, debía facelo. O cónsul de España en Bos Aires fíxome ensaiar unha nova identidade. “Pertence vostede ao Partido Comunista?” Non. “Fixo acto de adhesión ao réxime?” Non. “Pensa

realizar algún acto terrorista?” Non. “Desexa a prosperidade de España?” Si. E así sucesivamente. Si, non, si, non... A pura verdade! Unha verdade en forma de máscara.

VSEVOLOD: Cando fixen o *Baile de máscaras* de Lérmonov, no 16, tiña unha vocación puramente estética. Mais, sen ninguén de nós o esperarmos, aquela visión tan decadente da burguesía rusa acabou por anticipar a revolución bolxevique. Nada máis e nada menos! Aí comprobei o poder das máscaras. Fun un visionario accidental. O máis cerca que estiven nunca de me parecer a Maiakovski!

RAFAEL: O espazo que habitamos está a ser atravesado continuamente polo tempo que perdemos.

VSEVOLOD: Cando te pos filosófico... Debiches encontrar isto moi cambiado.

RAFAEL: Rianxo? Houbo grandes transformacións, debidas en gran parte a influxos exteriores, non sempre excelentes, e á prosperidade destes últimos anos. Mais pasado este primeiro momento de estrañeza vese enseguida que esas transformacións deixan indemne o máis característico da vila: a graza das súas xentes, a súa espontaneidade, a súa natural gallardía de estilo mariñeiro, fiel sen o saber, ou tal vez sabéndoo, á lección perenne do mar, das gaivotas, da luz, dramática ou feliz segundo as horas e os días, dos tranquilos montes circundantes... Unha gran novidade é a previsión, que aquí segue a ser compatible coa esplendidez e co bo humor: os mariñeiros xa non tiran os cartos. Melloran as súas vivendas, os seus barcos, o confort familiar... A

evolución parece terse acelerado nestes últimos anos. Botamos de menos algunhas cousas que nos marabilaban, mais non faltan outras novas. O paso veloz dunha moza pesca en bicicleta é algo digno de ver, precioso, elegantísimo... A reurbanización das pequenas vilas españolas implica riscos. Non é asunto nada fácil, dadas as moitas cousas que hai que conciliar. Así a todo, en Rianxo o resultado global, deixando de lado algún que outro detalle, implica indiscutible acerto. Mais... Eu xa non son deste lugar. Nin deste tempo.

VSEVOLOD: E se non tivédeses regresado?

RAFAEL: Moitos non o fixeron aínda. Outros non o van facer xamais.

VSEVOLOD: E se non tivédeses regresado, farías esta obra sobre min...? Aló, en Bos Aires?

RAFAEL: Ao pouco de nos decidirmos polo regreso recunquei nas miñas disquisicións xeométricas. Funme distanciando da literatura e achegueime a temas máis profundos... A filosofía, a xeometría, o movemento, o espazo... Supoño que o interese por ti é unha forma de satisfacer todos estes fetiches.

VSEVOLOD: O movemento, o espazo, mesmo a filosofía... Son cousas importantes... E dígocho eu que sempre me considerei un home de acción.

RAFAEL: Tiveches unha etapa construtivista moi interesante na que o deixaches ben claro.

VSEVOLOD: O construtivismo...! Durou o que durou a revolución. Máis que construír, e a pesar das nosas esperanzas, o Partido acabou por destruílo todo.

RAFAEL: Ás veces a historia colócanos fronte a acontecementos que non somos quen de comprender. Tamén pasa na vida. Hai cousas inexplicables... Sen ir máis lonxe, eu non acabo de entender como é que podo estar aquí a falar contigo. Estamos a nos falar na mesma lingua? Ou o meu ruso é mellor do que xamais imaxinei ou o galego non está tan mal como a algúns lles gustaría!

VSEVOLOD: Non creo que esteamos a falar. Quero dicir... Non nunha lingua en concreto.

RAFAEL: Cando un se pode entender por xestos, bo sinal. Pero nin dos bos xestos é bo abusar. Remata un esquecendo as tres dimensións.

VSEVOLOD: Non te sigo...

RAFAEL: Para min o espazo é importante. Nalgún momento en que eu estaba de novo embarcado en problemas de índole persoalísima, mais que ao mesmo tempo supuña que eran problemas de índole universalísima... Cando quería atopar a miña salvación, non para min en particular, senón para o home en xeral ou para todos os homes en particular... E nun momento no que eu estaba a escribir arreo... Nese momento, nalgunha das encrucilladas, apareceu o problema do espazo. Daquela era o tempo o que tiña prestixio. Era o privilexiado que ocupaba a atención dos filósofos: Bergson, Heidegger... De aí ía saír o posible descubrimento sobre a significación do home! Mais o pobre espazo ao que eu lle teño un grande amor... Eu teño un grande amor polo espazo: que os ollos teñan distancia, que un poida moverse, que as estrelas concer-

tasen entre si unha danza tan harmoniosa, que haxa esas distancias tan organizadas dunha forma tan lóxica, todo isto pareceume sempre unha marabilla, e parecíame ademais que tiña moito que ver co tempo. É dicir, que o tempo e o espazo, dunha maneira ou doutra, áchanse nunha especie de subordinación recíproca.

MEIERHOLD: O movemento é o máis importante.

RAFAEL: Cando entrei no estudo das matemáticas non foi debido a razóns de tipo estético senón por unha busca do propio camiño persoal. Necesitei valentía. Un pode consumir toda unha vida nese reto. Pero eran problemas dos que non era posible evadirse. A Paul Valéry interesábanlle as matemáticas desde o punto de vista formal, pola súa beleza e misterio interno. O de Lewis Carrol é un caso moi curioso, no que o temperamento matemático parece ter que ver coa súa novelesca lírica, con esa fantasía non transcendente, esa atracción polo xogo... No meu caso... Pode ser que o ter certo gusto pola perfección dialéctica se corresponda con que as cousas estean ben ditas, non só gramaticalmente, senón que sexa a proxección directa do que un ve e sente. Eu trato de ter un vínculo fraternal. No meu caso a aparición das matemáticas tivo un carácter dramático. Abundan os exemplos de artistas preocupados polas matemáticas: Durero, Leonardo, os pintores italianos e, obviamente, os arquitectos... Mais independentemente da súa necesidade e do seu uso na arte, as matemáticas parécenme unha cousa tan maxestosa, tan extraordinaria case desde o principio

dos tempos, desde que se comeza a medir algo, desde o momento en que se empezan a contar os días ou a facer marcas nunhas pedras e nunhas árbores para ter conciencia da marcha rítmica do universo, ou desde o momento en que se comezan a facer os primeiros calendarios... En fin, é algo tan distintivo do home como apaixonante e maxestoso en si mesmo. Entón caben dúas actitudes. Unha, facer un canto a ese misterio da capacidade matemática do home, e outra, facer matemáticas. A miña opción foi relacionarme coas matemáticas facéndoas.

VSEVOLOD: Xa.

RAFAEL: Para seres un home de acción sabes escoitar moi ben. Se callar non eras tan nervioso como eu te pintaba.

VSEVOLOD: A min matáronme por formalista. Cando penso en matemáticas, cando penso na xeometría, non podo deixar de pensar en cadrados, círculos, rectángulos... Véxoos en movemento. Veñen contra min. Golpéanme. Acaban entrando na miña cabeza e un enorme cadrado negro provoca a miña morte, outra vez.

**7. Principios e consecuencias.
Comentario en forma de entremés**

Primeira hora da tarde do día máis caloroso do verán de 1963. A casa está aberta e baleira. Entra HELENA. Senta nunha cadeira. Tira o libreto da obra do seu bolso. Folléao. Impaciéntase. Érguese e ponse a facer exercicios de quecemento.

Entra AURORA.

AURORA: Que fas, nena?

HELENA: Exercicios de quecemento.

AURORA: E logo tes frío? Non estarás enferma?

HELENA: Os exercicios non son para queantar o corpo, senón o corpo-mente.

AURORA: Ai, que aplicadiña me es! Se eu soubese facer iso, canto mellor me iría!

HELENA: Eu ensínoche. Queres?

AURORA: E non había querer!

HELENA: Pois veña... Estarrícate no chan.

AURORA: No chan?

HELENA: Non teñas vergonza. A vergonza é a primeira barreira que ha de superar unha actriz.

AURORA: (*Obediente.*) Eu en canto me lanzo a largar texto xa non teño vergonza, eh? O que pasa e que agora... Sen actuar nin nada... Así estou ben?

HELENA: Flexiona os xeonllos.

AURORA: O que?

HELENA: Que os dobres.

AURORA: Que dobre que?

HELENA: (*Tocándollos.*) Así...

AURORA: (*Decatándose.*) Ai, as *rodillas!* Así?

HELENA: Moi ben. Agora vas respirar profunda e lentamente. Profunda e lentamente.

AURORA respira profunda e lentamente.

AURORA: Aínda vou quedar durmida!

HELENA: Diso se trata, de relaxarmos os músculos para liberarmos a mente.

AURORA relaxa os músculos e libera a mente.

HELENA: Iso é. Collemos o aire polo nariz e expulsámolo pola boca. En catro tempos. Un, dous, tres, catro. Iso é. Moi ben. E agora soltamos. Un, dous tres... E catro. Moi ben.

AURORA: Pero ti non o estás a facer...

HELENA: Non. Agora estoute a guiar a ti.

AURORA: Ah, é que como falas de nós, pensei que tamén o facías.

HELENA: Falo de nós para que non te sintas soa, para que non penses que che dou ordes, entendes?

AURORA: Pero estasma a dar igual...

HELENA: Ti faime caso e continúa a respirares. Así. Como antes. Moi ben. Collemos... Un, dous, tres, catro. E sol-

tamos. Un, dous, tres... E catro. Agora imaxinamos...
Imaxina que...

AURORA: Non, non! Ti faino ao teu xeito, muller. Que me gusta. Que é certo que se mo dis así non parece que me esteas a dar ordes.

HELENA: Imaxinamos que o aire que entra polo noso nariz é unha luz moi branca, moi branca... E que ao entrar no noso interior ilumina todo o noso corpo por dentro... E limpa todo o noso corpo por dentro... Desde a cabeza... Até os pés. E esa luz branca que entrou no noso corpo e o limpou agora sae pola boca... E sae gris e sucia porque leva consigo toda a porcallada mental que gardabamos sen nós o saber...

AURORA: Puagh! Que noxo!

Entra VETERANO.

VETERANO: (*Alarmado.*) Que pasou? Aurora! Encóntraste mal?

AURORA: (*Improvisa.*) Ai, si! Veterano! Por fin! Un home! Preciso que me fagas o boca a boca! O boca a boca, que afogo!

VETERANO: (*Histérico.*) O boca a boca? Ai, miña nai! Pero... Non sei se saberei...!

HELENA: Proba, Veterano! Proba! A min non me sae. E ela precisa un bo home que llo saiba facer.

AURORA: Ai, virxe santísima! Que afogo! Veterano! Veterano!

VETERANO: Vou! Vou...!

VETERANO comeza a desabrochar o cinto do pantalón.

HELENA: Que fas?

AURORA: Que fas, condenado? Mala chispa te coma! Sácateme de diante!

VETERANO: É que... Pensei que...

HELENA e AURORA escachan a rir.

AURORA: Ai, miña nena! Isto dos exercicios éche moito! Como se me ocorrería a min...?

HELENA: Improvisaches, Aurora. Improvisaches!

VETERANO: O que? Pero e logo...? Ai que cona! A ver... Que carallo pasa aquí?

HELENA: Estáballe a ensinar exercicios de quecemento a Aurora e de súpeto ao entrares ti a ela ocorréuselle iso de que precisaba un home...

AURORA: Ai, ai, ai! Que morro coa risa! O boca a boca! Ai, ai! A quen se lle conte...!

VETERANO: Moi bonito! E o susto que levei eu, que?

AURORA: Veña, home, non te poñas así. Que tampouco se che vía tan asustado. Menos mal que parei de finxir!

A VETERANO tamén lle entra a risa.

VETERANO: Pois si que é divertido isto do teatro!

AURORA: É! Abofê!

VETERANO: É que como as actrices tedes esa fama que tedes, pensei que ao mellor...

HELENA: Que fama?

AURORA: Boh! Ten razón. Xa sabes, muller... Que din que sodes un pouco abertas...

VETERANO: Iso, un pouco abertas... E non só *de mente*.

AURORA: Que sodes unhas candongas, vaia!

HELENA: Eu son unha candonga?

VETERANO: Boh, ti non, muller!

AURORA: Ti non, que ti es moi estudadiña... Pero hai outras que...

HELENA: E os actores? Os actores de que teñen fama?

VETERANO: Pois un pouco tamén...

AURORA: Ai, muller, non che é o mesmo. Iso nun home é normal.

HELENA: (*Indignada.*) Ah, é normal?

AURORA: Ei, non te poñas así, muller! Co ben que o estamos a pasar...

HELENA: É que xa estou farta! Farta!

VETERANO: (*A Aurora.*) Boh! Non sei como fago que sempre acabo metendo a pata!

AURORA: A ver, nena! Que non é para se poñer así...

HELENA: É, Aurora; é. Así e peor. Eu xa non... Non podo aturar tanto...! E que son a única que se dá de conta? A única á que lle afecta?

AURORA: O que?

HELENA: É que non o vedes?

VETERANO: A ver, muller; explícate que se non non sabemos de que carallo falas!

HELENA: Mirádea a ela.

AURORA: A quen, a Carmen?

HELENA: Era unha muller independente. Tiña un traballo.
Até que o coñeceu a el e... Estoupou a guerra...

AURORA: E segue a ter un traballo.

HELENA: Cal? Coidar do seu home? Facerlle de secretaria e de criada?

AURORA: E pareceche pouco?

HELENA: Confundes o traballo coa escravitude. O traballo fainos libres!

AURORA: Ai, neniña... Mira, eu querer quéroche ben... Mais cando te pos con esas cousas da política!

VETERANO: Eles levaron unha vida moi complicada... (*Polo baixo*) Estaban no bando republicano...

HELENA: Exactamente! Eran do bando que se supuña avanzado e de ideas liberais, do bando no que as mulleres tiñan algo que dicir... E míraos agora.

AURORA: E logo que pasa? Que agora as mulleres non temos nada que dicir, ou que? Pois ela ben que di! Ou non ves como nos corrixe cando nos trabucamos?

HELENA: Por non falar da obra...! Como se pode obviar a morte de Zinaida nunha obra sobre a vida de Meirhold! Non vedes o paralelismo?

VETERANO: Calade, que aí a ven.

Entra CARMEN.

CARMEN: Están vostedes ben?

VETERANO: Estamos.

AURORA: Estabamos a facer exercicios. De quecemento.

CARMEN: Con esta calor non sei que falta vos facía. Mais en fin... Alégrome de que o tomedes tan en serio.

VETERANO: Agora as cousas fanse con moita máis profesionalidade. E no teatro tamén, claro!

HELENA: Agora? E logo antes non?

VETERANO: Antes... Pois mira... cando eu actuei n' *A fiestra valdeira*, que escribiu aquí o señor director, non nos tomabamos tan en serio isto de actuar. Era todo moito máis á vaiche boa...

CARMEN: A señorita Quintía...

HELENA: Helena.

CARMEN: Perdoe... Perdoa... Helena esta a nós agasallar a todos coa súa presenza. É unha das nosas actrices mellor formadas.

AURORA: Abofé que si!

VETERANO: Ben o sabemos... Pero iso dos exercicios pode ser moi perigoso.

CARMEN: Que pasou? Mancástesvos?

AURORA: Ai, se eu lle contase, señora Carmen...

HELENA: Eu nunca arriscaría a forzar os seus corpos máis do necesario!

AURORA: Boh! Non pasou nada, muller! Puxémonos a xogar e houbo un malentendido... Un malentendido moi gracioso.

CARMEN: (*Curiosa.*) Pois xa mo estades contando...

HELENA: Verás...

Escóitase a voz de DIESTE desde outro cuarto da casa.

VOZ DE DIESTE: Carmen! Carmen!

CARMEN: (*Na dirección da voz.*) Vou! (*Ao resto do grupo.*) Xa mo contaredes, agora teño que ir a ver que quere...

VETERANO: O señor non vai vir dirixir a escena? Eu xa sei todas as miñas frases: “Vsevolod, meu amigo; es un director consagrado! Porque non deixas de experimentares?...”

CARMEN: Continuade a quecer. El está un pouco canso. Seguramente precisa que lle axude a ordenar un pouco as notas para dirixir a escena. En menos de dez minutos estaremos de volta. (*Sae.*)

VETERANO, HELENA e AURORA, fican a mirar para o lado polo que saíu CARMEN.

HELENA: *El* está un pouco canso? E ela? Quen a axuda a ela?

8. Confrontación de espazos

Uns vinte minutos despois da escena anterior. CARMEN e DIESTE dirixen o ensaio. VETERANO, no papel de LUNACHARSKI, demostra ter boa memoria e mellora na pronunciación dos nomes rusos. HELENA gústase a si mesma no papel de MEIERHOLD, mentres AURORA se esforza por compoñer triángulos.

LUNACHARSKI: Sempre fuches un grande entusiasta, mais segue a che faltar a intuición pragmática. Se segues por esta vía, nun par de temporadas estarás artisticamente morto. E cando digo morto sei ao que me refiro.

MEIERHOLD: Xa estiven morto unha vez, e resucitei artisticamente.

LUNACHARSKI: Faimo caso... Sei do que falo... E non me fagas falar máis da conta, que sabes que non podo.

MEIERHOLD: A ti encantárase o *Inspector xeral*.

LUNACHARSKI: Iso foi hai moito tempo.

MEIERHOLD: Hai tres anos.

LUNACHARSKI: Agora tres anos son moito tempo. A túa estética está a se desviar da corrente principal.

MEIERHOLD: *A chinche* é unha obra auténticamente soviética!

LUNACHARSKI: O que ti entendes por soviético cada vez coincide menos co que entende a Unión Soviética. As teorías do realismo socialista teñen cada vez máis aceptación na cúpula do partido. Futurismo... Cons-

trutivismo... Ciencia-ficción... Iso xa non se leva! E se aínda fose cuestión de estética... Pero é un asunto de estado.

MEIERHOLD: Ninguén ten dereito a renunciar aos aspectos formais dunha obra. É preciso acostumarse a aceptar as obras de teatro baixo o envoltorio formal sen o que non poden existir.

LUNACHARSKI: Iso é un apotegma ou un axioma? Dá igual, porque aquí o único que serve é o dogma. Dígocho eu!

MEIERHOLD: O autor razoa mediante imaxes! A retórica, a dialéctica, o filosofar... Todo iso que fai árida unha obra teatral, que pon o teatro ao nivel do xornalismo, rebaixa inevitablemente o nivel artístico. Trasladándonos a 1979, Maiakovski non nos amosa a transformación do mundo senón a mesma podremia do noso tempo. Quere que vexamos que certas enfermidades teñen raíces profundas, que para as eliminar son necesarios períodos de tempo e un gran gasto de enerxía.

LUNACHARSKI: O que ti queiras! Mais de ser eu... Non iría por aí. Agora mesmo non. Eu sei cousas, meu amigo. Que xa son moitos anos nas entrañas do poder. E cando digo entrañas sei moi ben ao que me refiro.

MEIERHOLD: Pero non che gustou nada? Nin sequera... eu que sei... A música? Shostakovich é un compositor con moito futuro.

LUNACHARSKI: E que máis terá se me gustou ou me deixou de gustar? O único que importa é que lles guste aos que toman as decisións importantes.

MEIERHOLD: Ti es quen toma as decisións importantes neste país!

LUNACHARSKI: Vale... Mira... Non cho debería contar, mais... Non me deixas outra opción.

MEIERHOLD: (*Alertado.*) Non me digas que me vas censurar esta tamén?

LUNACHARSKI: Eu que vou censurar? Non... Mira... Non llo digas a ninguén. Aínda non é oficial, mais... Vouno deixar. Voume... Dimito.

MEIERHOLD: (*Sorprendido.*) Toleaches?

LUNACHARSKI: A cousa está a se poñer moi negra aí arriba. A hora da vangarda revolucionaria morreu coa revolución. Éche o que hai! E ti debías ir polo rego se non queres acabar mal. E cando digo mal, refírome a...

MEIERHOLD: Son un artista respectado. Teño o meu propio teatro estatal.

LUNACHARSKI: A historia non sempre avanza cara adiante, hai veces nas que avanza cara atrás.

MEIERHOLD: Non se pode avanzar cara atrás!

DIESTE: (*Cortando.*) Faino!

HELENA: (*Confusa.*) Que?

DIESTE: Faino!

HELENA: Que...? Oh! Non nos cortes agora!

DIESTE: Díxenche que o fixeses e non o estás a facer!

HELENA: Que máis dará o movemento? Estou a interpretar un momento chave na vida de Meierhold!

DIESTE: Nesta obra todos os momentos son claves. E o movemento é o máis importante!

CARMEN: Rafael, cálmate, por favor...

DIESTE: E ti cala! Xa estou farto de ter que actuar conforme á miña fama de persoa amable!

VETERANO: Tranquilícese, señor Dieste...

DIESTE: (*A Veterano.*) Esta muller gábase de ser unha alumna avantaxada da máis innovadora escola americana de interpretación teatral, e o único que fai é escangallar o traballo dos outros. (*A Helena.*) Non querías indicacións? Deichas! E ben claras!

HELENA: Non as que eu precisar!

DIESTE: (*Burlón.*) E logo que querías? Que te hipnotizase lembrándoches o confusa que te sentiches a primeira vez que un ministro soviético che dixo que Stalin ía inaugurar un sanguento goberno autoritario? Encóntrase ese recordo no catálogo da túa memoria afectiva?

HELENA: (*Alporizada.*) Ti non tes dereito a me falar así, vellouco do demo!

DIESTE: Cando estás a actuar non me importa o que penses, senón o que fagas. E o que fas non é o que eu che dixen de facer!

HELENA: (*Doída.*) Eu así non podoo!

DIESTE: Que fas?

HELENA: Aí vos quedades!

AURORA: A ver, nena... Non te poñas así, muller.

CARMEN: Rafael, contrólate. Helena...

DIESTE: (*A HELENA.*) Pensa ben no que fas!

HELENA: Pénsao ti! E escóitame ben o que che vou dicir!
Os demais non estamos postos no mundo para xirar
ao teu redor! Tamén queremos sentirnos protagonistas
da nosa propia historia!

*HELENA sae de maneira digna e violenta. VETERANO,
CARMEN e AURORA danse un tempo para assimilar a nova
situación, a contemplaren para o lugar polo que saíu HELE-
NA, mentres DIESTE volve á súa cadeira de director.*

VETERANO: Hai que ver! Que carácter! Non a quería eu de
nora nin regalada!

CARMEN: Rafael, dáste de conta do que acaba de pasar?

DIESTE: Aquí non pasou nada!

AURORA: Haberá que marchar... Sen ela non podemos...

DIESTE: Quen dixo de marcharmos? Aínda son as cinco da
tarde! A escena está aínda moi verde... Cómpre
ensañar.

CARMEN: Pero... Rafael... Acabas de facer que a nosa mellor
actriz abandone o ensaio!

DIESTE: A típica reacción da diva insegura! Veña, seguimos...
Onde estabamos?

CARMEN: Seguirmos...? E quen fará de Meierhold?

DIESTE: Agora... Meierhold... Serei eu.

Gran sorpresa colectiva.

DIESTE: Por que me mirades así? Pensades que non son
quen de o facer tan ben coma ela?

Silencio.

VETERANO: E se non é moito preguntar... Que foi o que lle dixo que tiña que facer?

DIESTE: Formas, Veterano; formas. O que vos levo pedindo todo este tempo. Que borredes da vosa mente o cinema e vos deixedes levar pola miña concepción do teatro. Que estamos aquí para lle facer unha homenaxe a Meierhold. E Meierhold son formas. Formas! Por iso o mataron! Veña, dádeme aquí un texto... Agora Meierhold serei eu!

Segmento C

9. Sobre o continuo e o movemento

Penúltima semana de ensaios antes da estrea. Xa non fai tanta calor como a comezos de agosto. O grupo xa dispón da maioría dos elementos do atrezzo e de case todo o vestiario. A escenografía está practicamente rematada. DIESTE evolucionou moito no papel de MEIERHOLD. VETERANO está espléndido facendo do pintor GRIGORIEV. AURORA fai de NARRADORA. CARMEN, que fará de OLGA, espera a súa quenda observando con moita atención o discorrer da escena, porque sabe que, en actuando Rafael, agora a verdadeira directora é ela.

NARRADORA: Un ano antes da revolución, en mil novecentos dezaseis, Meierhold recibe unha nova visita do pintor Grigoriev.

MEIERHOLD: Sabe que non é a primeira vez que me fan un retrato? Fíxomo un escenógrafo co que traballo. Golovin. Os seus figurinos para a miña versión do *Don Xoán* foron toda unha lección de colorido e forma teatrais. Mais cando teima en me facer un retrato ao óleo... Eu onde me entendo con el é no teatro. Estamos a piques de estrear un novo espectáculo, *O baile de máscaras*, de Lermontov. Coñece a Lermontov?

GRIGORIEV: Téño polo meirande poeta nacional, co permiso de Pushkin.

MEIERHOLD: Estou moi entusiasmado co proxecto. Prefiro discutir con Golovin polo deseño dun sombreiro que polo moito que me movo cando me retrata... Estou-me a mover moito?

GRIGORIEV: Non pasaría nada se se movese menos...

MEIERHOLD: Eu sonlle así. Non o podo evitar...

GRIGORIEV pinta. MEIERHOLD cavila.

MEIERHOLD: Lermontov é un gran poeta. Pero sobre todo é un excelente dramaturgo. *O baile de máscaras* fala do noso tempo. Na miña montaxe quero mostrar as posibilidades da biomecánica como método de creación teatral. Pode que no XIX fose a arte da palabra, mais no século XX, o teatro será a arte do corpo! E do movemento! O movemento é fundamental para a miña arte...

GRIGORIEV: Non para a miña.

MEIERHOLD: Non opinan o mesmo os seus colegas futuristas...

GRIGORIEV: Os futuristas non son os meus colegas.

MEIERHOLD: Marinetti é todo un axitador. Viu a súa actuación en Moscova hai un par de anos? A guerra é unha alegría para el. Na Rusia actual non se entende esa exaltación probélica. Está o ambiente moi sensibilizado. Que nos importaba a nós o asasinato de Franz Ferdinand? Bastante tiñamos co noso! Sabe o que lle digo? Que aquí se está a fraguar algo. Algo grande. O

do domingo sanguento foi só o principio. Hai moita xente dándolle á cabeciña. Oiría falar de Lev Trostky. Ou de Vladimir Illich. Moita xente a darlle a cachola. Mire o que lle digo: en canto volva saltar a chispa isto non hai quen o pare!

GRIGORIEV: A vostede si que non hai quen o pare...

MEIERHOLD: (*Divertido.*) Oh! Síntoo! Non podo evitalo...

GRIGORIEV pinta. MEIERHOLD cavila.

MEIERHOLD: Estivo vostede en París?

GRIGORIEV: Catro meses.

MEIERHOLD: Facendo que?

GRIGORIEV: O mesmo que intento facer agora.

MEIERHOLD: París é enorme. Non remata nunca. Sabe que fun actor de cine? O cine será a arte do futuro.

GRIGORIEV: Será.

MEIERHOLD: Coñeceu a Baudelaire, a Rimbaud, a Mallarmé?

GRIGORIEV: As súas tumbas.

MEIERHOLD: Eu tiven unha etapa moi simbolista. Intentei trasladar as teorías de Briusov ao campo escénico. Por iso fixen tantos Maeterlinck. A miña posta en escena d'*A morte de Tintaxiles* custoume a miña inimizade con Stanislavski. Quérolle ben, pero non comungo coa súa estética. No fondo sempre foi un rancio.

GRIGORIEV pinta. MEIERHOLD pensa.

GRIGORIEV: Eu non creo que vaia pasar nada.

MEIERHOLD: Non?

GRIGORIEV: Non.

MEIERHOLD: Como está tan seguro?

GRIGORIEV: Que se consegue coa revolución? Que se conseguiu en 1905? O zarismo non vai morrer por que uns poucos dos de abaixo anden a dar guerra. O terrorismo é contraproducente. O único que ten conseguido até agora o terrorismo é lexitimar a represión.

Entra OLGA e fica na entrada atendendo a conversa.

MEIERHOLD: Iso é precisamente o que di Lenin! Os bolxeviques renegan do terrorismo porque saben que é un camiño sen saída. Hai que ter paciencia. O zarismo, ao igual que o capitalismo, vai morrer desde dentro. Só hai que ver a Rasputín! Coa escusa da hemofilia do príncipe está a crear o caos na familia real. Non me estraña que os monárquicos intentasen matalo.

GRIGORIEV: Polo menos Rasputín fai algo! Aí o problema é o Zar! Por non falarmos da Zarina!

OLGA: Vexo que as señoritas non somos as únicas que nos preocupamos polo melodrama dos Romanov.

MEIERHOLD: Olga! Preséntoche ao artista Boris Grigoriev. É un home con moita paciencia. Non quere saber nada nin do futuro nin da revolución. Que é vostede, impresionista ou puntillista? Non lle vexo trazas de simbolista. E o seu rexeitamento do futurismo tenme intrigado.

OLGA: (*A GRIGORIEV.*) Non llo tome a mal. El é así. Non pode evitalo.

GRIGORIEV: É un pracer coñecela, Señora Munt, por fin.

OLGA: (*Polo cadro.*) Permíteme?

GRIGORIEV: Só por ser vostede.

OLGA: (*Achégase e contempla o cadro.*) Pensei que ía ser un retrato.

GRIGORIEV: É un retrato... De corpo enteiro, xa que a ocasión o merece, pero un retrato ao cabo...

OLGA: Creo que é o fondo o que non me convence...

MEIERHOLD: Olga! É só un bosquexo. Desculpe vostede o atrevemento da miña esposa.

OLGA: Eu non lle entendo moito de arte, pero aí vexo dúas persoas.

GRIGORIEV: O Doutor Dapertutto ten esa dobre personalidade. É un soñador, mais tamén é un guerreiro ruso.

OLGA: O Dr. Dapertutto! Vexo que se informa vostede!

GRIGORIEV: O señor Meierhold é un artista moi respectado para os que amamos o teatro.

MEIERHOLD: (*A OLGA.*) Ves? Hai máis xente que ama o teatro. Non son o único.

OLGA: (*A GRIGORIEV.*) Eu o que lle digo e que se deixe de andar a xogar a ter unha dobre vida... E que eses ambientes cabareteiros non me gustan nada.

MEIERHOLD: Nos teatros imperiais non podo exercitar esas labazadas ao gusto público. Eu quero buscar a miña propia linguaxe. Estou moi interesado nas teorías de Chlebnikov sobre a linguaxe meta-lóxica. Fíxese no poeta Kruchenik, por exemplo. El ve unha azucena e

encántalle, pero non lle gusta a palabra *azucena*... E prefire chamala cunha palabra inventada por el... Eu que sei... *Eula*, para lle devolver a súa beleza orixinal. *Eula!* Non é marabilloso?

OLGA: Se te deixases de excentricidades e te dedicases a traer cartos á casa!

MEIERHOLD: Sabes que non me gusta que vaias por aí, Olga; e menos cando hai convidados.

GRIGORIEV: Por min non se preocupe. Sempre é enriquecedor asistir a un debate.

MEIERHOLD: Vostede de que parte está?

GRIGORIEV: Eu?

MEIERHOLD: Está con ela ou comigo?

GRIGORIEV: Eu só intento facerlle un retrato...

OLGA: Non lle faga caso. Aí onde o ve é un home moi culto e creativo, mais cando se lle mete algo na cabeza é capaz de reaccionar como o picariño máis repunante. Se eu lle contase!

MEIERHOLD: Olga...

OLGA: Anda... Fai o favor de poñerte quieto aínda que só sexa un momento, que este señor quere facer o seu traballo.

MEIERHOLD: (*Divertido.*) Non o podo evitar.

OLGA: (*A GRIGORIEV.*) Ánimo, e se se pon moi pesado, avíseme. Eu vou ao meu, que xa me é hora.

GRIGORIEV: Déixeme adiviñar... Tolstoi?

OLGA: Ui! Non, ho! Eu non lle teño tempo para libros. Vou facer a cea, que os nenos están a piques de chegar e veñen famentos.

GRIGORIEV: Nese caso, que lle saia rico.

MEIERHOLD: Oh! Vostede non a coñece! É unha cociñeira exuberante!

OLGA: (*Sáíndo.*) Vouche dar eu a ti exuberancia!

OLGA sae.

MEIERHOLD: E a min, cando me vai deixar mirar?

GRIGORIEV: Non está rematado...

MEIERHOLD: A ela deixoulle...

GRIGORIEV: Está ben, pero coa condición de que a partir de agora estea calado e completamente quieto.

MEIERHOLD: Iso está feito! E trátame de ti, que aínda somos novos, quen sabe se non teremos coincidido no pasado arredor dunha botella de vodka?

GRIGORIEV: Non sexa cruel.

MEIERHOLD observa o cadro.

MEIERHOLD: Golovin tamén me pinta sempre duplicado. Reflectido nun espello. Ou cunha máscara. Ou a piques de me vestir para interpretar un personaxe.

GRIGORIEV: Un retrato non é bo se non capta algo máis que o aspecto exterior do retratado. Vostede ten unha personalidade moi dinámica. Non hai máis que velo! E esta é a miña forma de plasmar a súa personalidade no cadro. Prefiro facelo así antes que esborranchar o lenzo con liñas e máis liñas como fan os futuristas.

Vostede é unha persoa nerviosa, mais o seu dinamismo exterior correspóndese coa súa maneira de ser interior.

MEIERHOLD: Xa vexo o que aprendeu en París: psicanálise!

GRIGORIEV: O seu xenio é extrovertido. E iso vese ben na súa obra. Dálle vostede importancia ás aparencias. Pero faino para reflectir o que ocultan. Por iso me gusta o seu teatro. Porque é dinámico no canto de estático. Ao final, se hai algo que a vostede o caracteriza, é o movemento.

MEIERHOLD: Iso é! O movemento é o máis importante! O movemento!

10. Un teorema e dous experimentos xeométricos

A luz entra na penumbra desde un ángulo inédito e configura unha atmosfera de novas dimensións.

VSEVOLOD: Pénsao: o asasinato de Zinaida Reich. Mesmo sería un bo título para toda a obra.

RAFAEL: Quero facer unha obra sobre o gran director soviético, non sobre as miserias da súa vida privada. E o título non corre présa.

VSEVOLOD: Matáronma! Entendes? Matáronma antes de viren por min.

RAFAEL: Fago isto para reivindicar o teu exemplo, mais non quero que se converta nun *grand guignol* sanguento.

VSEVOLOD: Quero vela morrer. Necesito saber como foi. Teño conciencia de estar mal armado para a vida, sei que todo o que sentín non lle interesou a ninguén. Fun irritable, susceptible, molesto, e todo o mundo me encontrou sempre... Desagradable...

RAFAEL: A dor non é máis profunda que o gozo.

VSEVOLOD: Sufrín e soñei acotío co suicidio!

RAFAEL: Non se ten máis razón cando un se sente esfacelado e triste. A primavera sempre volve.

VSEVOLOD: Nunca me importou o desprezo. Quixen seguir o mandato de Nietzsche: chega a ser o que es! Sempre dixen o que pensaba. Odio a mentira, non desde o punto de vista da moral comunmente admitida (que está baseada ela mesma sobre a mentira), senón como un home que aspira a purificar a súa personalidade.

RAFAEL: Hai que fiar un pouco na finura que xurdirá do fondo. E por veces... Botar as redes, aínda que non se vexa nada.

VSEVOLOD: Cando te pos filosófico non hai quen te entenda!

RAFAEL: Cando comezou todo?

VSEVOLOD: Podería dicir que no momento no que decidín mudar de nome. Collínlo prestado ao poeta Vsevolod Garsin, que foi o meu grande ídolo na xuventude... Mais en realidade creo que empecei a ser quen son ao remate dunha función d'*Un inimigo do pobo*, no ano 1901, en San Petersburgo, cando aínda estaba no Teatro da Arte ás ordes de Stanislavski. Houbera unha revolta... Que foi reprimida con dureza polo exército do Zar. E nós actuabamos xusto despois! Eu... Eu desexaba arder no espírito do meu tempo! Desexaba que todos os homes de teatro tomasen conciencia da súa misión. Non podía chamarlles compañeiros aos que, alleos ao interese público, se negaban a elevarse por riba dos intereses da casta. O teatro pode levar a cabo un papel inmenso na transformación de todo o que existe! A xuventude de San Petersburgo demostrouno coa súa actitude cara ao teatro. Mentres na igrexa e na praza era golpeada, no teatro puido dar renda solta ás súas protestas contra a arbitrariedade policial. Había frases do texto de Ibsen que a xuventude aplaudía freneticamente: “É xusto que uns imbéciles gobernen a xente instruída?”; ou “Cando se vai defender a liberdade e a verdade, non hai por que vestir as mellores galas”. Estas frases provocaron manifes-

tacións! Unindo os partidos e as clases, o teatro impuña a todos unha mesma dor, un mesmo entusiasmo, e impulsaba a protestar contra o que indigna a todos por igual. O teatro afirmouse así por riba dos partidos e fixo comprender que chegaría un día no que as súas paredes defenderían contra o látigo os que se esforzaran por gobernar o país en nome da liberdade de todos. A axitación pública daqueles días reanimárame e espertara en min aspiracións coas que eu non ousara soñar. Tiña desexos de estudar, de estudar, de estudar... Tiña que decidir se debía perfeccionar a miña personalidade ou lanzarme ao combate pola igualdade. Iso era o que quería saber. Cando miro as miñas mans delgadas, ódioas, porque me vexo tan frouxo e brando como estas mans que nunca pecharon o puño con forza. A miña vida foi como a longa crise dunha horrible enfermidade. Non fixen máis que esperar, esperar que a crise se desatase dunha maneira ou outra. Non tiña medo do porvir, con tal de que o final chegase pronto, e non me importaba que final.

Silencio. RAFAEL contempla a VSEVOLOD pensativo.

RAFAEL: Queres actuar?

VSEVOLOD: Actuar? Aquí? Neste *aquí* no que estamos *agora*?

RAFAEL: Ou no outro... Ten que haber unha maneira... A min isto de facer de ti cánsame moito. Síntome estúpido por provocar o enfado da rapaza. Nunca volverei encontrar unha actriz así.

VSEVOLOD: Moléstache que sexa tan repunante, non?

RAFAEL: Dime, queres ou non queres?

VSEVOLOD: Actuar...?

RAFAEL: Farías de ti mesmo... Sería como volveres a vivir a túa vida.

VSEVOLOD: Non me sei o texto.

RAFAEL: Ensaiaremos. Axudareite. Nos meus ocos libres.

VSEVOLOD: E as matemáticas, non estás a reservar os ocos libres para elas?

RAFAEL: Bah! Dareille unha alegría a Carmen se deixo as matemáticas aparcadas por un tempo!

11. Hipótese da recta finita

DIESTE *no seu cuarto. Mesa con libros amoreados. Compás, escuadro, cartabón e transportador de ángulos. Non le; devorara. Colle un libro, consulta no índice, vai á páxina, segue co dedo os parágrafos, encontra o que buscaba. Non é o que buscaba. Colle outro libro. Pasa páxinas. Entretense nunha ilustración que non coñecía. Outro libro con moitas páxinas. E así, até que entra CARMEN. Obsérvao.*

CARMEN: Xa estás con iso?

DIESTE: Volviches cedo.

CARMEN: Pecháronme as tendas.

DIESTE: Entretivécheste falando con ela?

CARMEN: Ten unha conversa ben interesante.

DIESTE: Xa. Interesante.

CARMEN: Preparaches o ensaio de mañá?

DIESTE: Agora déixame ler isto.

CARMEN: Preparáchelo?

DIESTE: Non me desconcentres.

CARMEN: Céntrate, Rafael.

DIESTE: Estaba centrado antes de ti chegares!

CARMEN: Non vas acadar nada con tanto número. Es un home de letras. Un artista.

DIESTE: Aquí hai moita arte. E moitas letras, por certo.

CARMEN: Até onde eu sei non deixan de ser matemáticas.

DIESTE: E ben interesantes.

CARMEN: Para ti.

DIESTE: Para min, si. E para o mundo.

CARMEN: Conseguiques que a mellor actriz da que dispuñamos abandonase o barco na metade da travesía, pero decidiches continuar e amarrar forte os cabos. Estamos a menos de dúas semanas para a estrea e o grupo está nervioso. Non podes aparcar toda esa numeroloxía por un día e poñerte ao teu?

DIESTE: Isto tamén é o meu. E non ten nada a ver coa numeroloxía!

Silencio.

DIESTE: De todo modos, non che digo que non teñas algo de razón. Se cadra debo aparcar isto e dedicarlle máis tempo á obra. Mais agora, por favor, déixame acabar de ler este capítulo...

CARMEN: Fai o que queiras. Eu voume mudar e logo volto saír.

DIESTE: Con ela?

CARMEN: Impórtache?

DIESTE: Hai cea?

CARMEN: Colle algo do que sobrou ao mediodía. E non fregues, que o pos todo perdido.

DIESTE: Carmen. Espera.

CARMEN: Están a agardar por min, Rafael.

DIESTE: Levas uns días cunha actitude tan diferente...

CARMEN: Lembrei que había outras maneiras de ser muller.

DIESTE: De... Ser muller? Estaste a referir a...?

CARMEN: Non é iso, e sábelo. Se fose iso xa hai ben tempo que...

DIESTE: Levo semanas roubándolle horas ao sono para desentrañar problemas xeométricos que non son quen de entender, mais que ao final, cos cálculos precisos e as ideas apropiadas, me dan grandes satisfaccións. E, porén, véxote e... E non te coñezo. Convertíchesteme nun problema que non esperaba.

CARMEN: Nunca quixen ser un problema para ti. Sempre me considereí unha muller forte, intelixente, autónoma. Unha muller libre! E mírame agora, Rafael. Mírame agora!

DIESTE: Pasas demasiado tempo con ela. E ela é unha adiantada ao seu tempo. Pero nós xa imos vellos.

CARMEN: Deixa de dicir iso! Un vello é un vello cando fai cousas de vellos. Mira Veterano. É case da túa quinta. Viviu o que ti e máis eu vivimos. Se callar cousas peores. E vézelle feliz. Porque fai o que quere, o que lle gusta, sen ter que lle dar explicacións a ninguén. É libre. E a pesar da súa idade contaxia xuventude. Parece mentira que lle chamen así.

DIESTE: Un vello é un vello cando fai cousas de vellos...Vou anotar esa frase.

Silencio.

CARMEN: Voume ir, Rafael.

DIESTE: Xa. Compréndoo. E mesmo estou disposto a aceptalo se en realidade cres que che pode axudar a superar a túa crise.

CARMEN: Non. Marcho, Rafael. Voume.

DIESTE: Vaste...?

CARMEN: Deixo Rianxo... Cando acabe todo isto. Se é que o conseguimos acabar. Non para sempre. Se cadra só uns meses. Quero escribir a biografía sobre Xoana de Arco. E aquí non podo. Aquí non. En Madrid está a biblioteca nacional. E Barcelona está moi cerca de Francia... Pero isto. Isto é... Isto non é Bos Aires. Nin sequera é como A Coruña!

12. Suma e movemento continuo

O elenco ensaia con todo a punto para estrear. Repártense os papeis con soltura e conseguen que a escena, que é un conxunto de pequenas escenas, adquira a forma dunha montaxe case cinematográfica, como un ritmo a medio camiño entre os fotogramas de Einsenstein e os pentagramas de Shostakovich. DIESTE fai de MEIERHOLD e o resto pululan ao seu redor.

NARRADOR/A: Mil novecentos sete. Logo dun ano traballando na compañía da actriz Vera Komisarievskaja, Meierhold recibe unha carta na que a diva lle comunica o despido.

Mentres MEIERHOLD le a carta no seu escritorio, vai tomando corpo desde a penumbra a imaxe da actriz Vera KOMISARIEVSKAIA, interpretada por CARMEN.

KOMISARIEVSKAIA: Querido, Vsevolod Emilievic. Non sabe canto lamento ter que lle escribir estas palabras. Xa vai case para dous anos des que o acollín na miña compañía. Mais a verdade é que cada vez estou máis certa de que as súas postas en escena constitúen un freo ao meu talento tráxico. Para que enganarnos? Desde un punto de vista humano, aprécioo e teño para min que vostede me ten en estima. Mais desde a perspectiva artística hai entre nós unha distancia imposible de salvar. Consideramos de maneira distinta o teatro. E os nosos obxectivos profesionais son tan diferentes! Sinto que todo teña que rematar tan pronto. Atentamente, Vera Komisarievskaja.

NARRADOR/A: Mil novecentos seis. Vera Komisarievskaja contrata a Meierhold como director da súa compañía.

VERA KOMISARIEVSKAJA sae da zona espectral e sitúase no centro xunto á personaxe de MEIERHOLD.

MEIERHOLD: Vexo que non lle fixo moito caso ao consello de Stanislavski. En confianza: o mestre converteuse nun vellouco incapaz de estar á altura dos tempos.

KOMISARIEVSKAJA: Ao contrario! Konstantin non tivo máis que boas palabras... Mais... Falemos de vostede... Que novas experiencias nos ten reservadas para esta temporada?

MEIERHOLD: Ando con ganas de lle meter o dente á dramaturxia europea contemporánea. Xa sabe: Ibsen, Maeterlinck... Teño un gran proxecto para a escenificación de *Pelleas e Melisanda*.

KOMISARIEVSKAJA: *Pelleas e Melisanda!* Seica a ópera de Debussy causou un grande escándalo en París. Din que nunha escena Melisande cantaba un verso que dicía... “Non son feliz! Non son feliz!”... E unha parte do público deu en berrar “Nós tampouco, nós tampouco”. (*Ri.*)

MEIERHOLD: Os franceses sonlle moi conservadores! O simbolismo é a estética do futuro. Eu teño unha serie de ideas inspiradas nas reflexións de Briusov e do propio Maeterlinck, que me levaron a concibir a posibilidade dun teatro totalmente antinaturalista, onde o importante non sexa a palabra senón o aspecto formal do conxunto, a iluminación, a música, o movemento...

KOMISARIEVSKAIA: Pero a xente quere ver a verdade sobre a escena. Cre vostede que un público tan atrasado como o ruso está preparado para...?

MEIERHOLD: O ano pasado en Moscova estivemos varios meses preparando outro texto de Maeterlinck, chamado *A morte de Tintaxiles* e a experiencia foi todo un éxito estético. O elenco traballou con moito entusiasmo porque sabía que estabamos a elaborar unha forma teatral nova... Mágoa que a revolta da folga xeral e a tensión dos días posteriores nos impedise chegar á estrea!

KOMISARIEVSKAIA: Tiña entendido que non foi exactamente esa a razón pola que se pechou o Teatro Estudo... Pero... Non se fale máis. Brindemos! Por unha gloriosa etapa! E porque o entusiasmo desta nova aventura nos traía grandes éxitos, sexan coa estética naturalista, coa simbolista, ou coa que sexa! Viva Rusia! Viva o teatro!

NARRADOR/A: Mil novecentos cinco. Catro días antes da folga xeral de outubro. Stanislavski asiste ao ensaio xeral d' *A morte de Tintaxiles* de Maeterlinck.

O grupo coloca diante da escena unha tea translúcida. Reina a penumbra. Non se aprecia dos actores máis que a silueta. Recitan os versos de Maeterlinck con lentitude e cunha entoación monocorde. A escena desenvólvese paseniño, coma se o tempo se tivese parado. Inmobilidade. Baixo-relevo. CARMEN interpreta a STANISLAVSKI. VETERANO e AURORA fan a escena dentro da escena.

IGRENA: Vén, Tintaxiles. Senta sobre os meus xeonllos e todo pasará... Ves? As túas irmás maiores están aquí... Están aquí... Ao teu carón...

STANISLAVSKI: Luz! Luz!

IGRENA: Están aquí... Ao teu carón... Imos defenderte, e o mal non ha poder chegar canda ti...

STANISLAVSKI: O público non aguantará a escuras tanto tempo!

TINTAXILES: Estás aí, irmá Igrena? Por que non hai luz...?

IGRENA: Habela haina, irmán... Non ves a lámpada a colgar da bóveda?

STANISLAVSKI: É antipsicolóxico! Luz! Luz! Non se ven as caras dos actores!

MEIERHOLD: Pero o decorado está concibido para a penumbra...

STANISLAVSKI: Non se ven as caras dos actores!

MEIERHOLD: É a estética do teatro simbolista!

STANISLAVSKI: (*Cortándoo.*) Luz! Luz!

Acéndense as luces. Continúa a escena. Pero efectivamente o que na penumbra tiña certa graza, coa iluminación vólvese indiscutiblemente mediocre. Os mesmos actores notan a diferenza e actúan cunha inseguridade que empeora aínda máis o conxunto.

IGRENA: Habela haina, irmán... Non ves a lámpada a colgar da bóveda?

TINTAXILES: Si, si. Non é grande... Non hai máis?

IGRENA: Para que fan falla máis? Vemos o que precisamos ver...

TINTAXILES: Ah!

IGRENA: Que ollos tan profundos tes!

TINTAXILES: Ti tamén, irmá Igrena!

STANISLAVSKI: (*Érguese do asento. A MEIERHOLD.*) O espectáculo non está preparado! (*A todos.*) Queda suspendida a representación por un tempo indefinido! (*Algarabía de alarma no elenco.*) Non se preocupen. Pase o que pase cobrarán o prometido. (*A MEIERHOLD.*) Aínda que me custe a metade do meu patrimonio. (*Sae.*)

NARRADORA/A: (*Sen saír do espazo no que interpretaba a peza de Maeterlinck.*) Un mes antes, Meierhold pon a proba a súas revolucionarias ideas teatrais.

Volven a baixar as luces. O elenco compón o mesmo baixo-relevo da escena do texto de Maeterlinck. Nun recanto da sala aparece VSEVOLOD.

DIESTE: (*Interrompendo a escena.*) Un momento, por favor.

CARMEN: Que pasa? Estás ben?

DIESTE: Será só un momento!

DIESTE vai cara a un recuncho da estancia e alí encóntrase con VSEVOLOD.

RAFAEL: Viñeches?

VSEVOLOD: Non sei se debo facelo...

RAFAEL: Que foi daquel rapazote enérxico que non paraba quieto?

VSEVOLOD: Que van dicir?

RAFAEL: (*Divertido.*) Dirán que bordei o personaxe! Que me metín na pel de Meierhold!

VSEVOLOD: En realidade son eu quen se vai meter na túa pel, non?

RAFAEL: Déixate de contos de fantasmas...! Actúa! E vive a túa vida! Como dicía Nietzsche: chega a ser o que es!

DIESTE fica no recuncho e é VSEVOLOD quen vai ao espazo do escenario para continuar o pase. CARMEN, VETERANO e AURORA non dan mostras de se decataren da diferenza.

CARMEN: Rafael, encóntraste ben?

VSEVOLOD: Estou perfectamente, Carmen. Continuamos?

CARMEN: Ben, pois... continuemos.

AURORA e VETERANO retoman a escena.

IGRENA: Tintaxiles! Onde estás? É túa irmá quen che fala! Que miras? Vólvet! Vén imos xogar...

TINTAXILES: Non... Non...

MEIERHOLD: Sen tensión! Sen tensión! É preciso que digades as palabras con frialdade, sen ningún tipo de vibración nin laios coloristas.

IGRENA: Non queres xogar?

TINTAXILES: Xa non podo andar, irmá Igrena...

IGRENA: Que non podes andar? A ver, a ver que tes! Sofres?

MEIERHOLD: O son ten que ser sempre sostido. Imaxínade que as vosas palabras son pingas a caeren nun pozo

profundo: escóitase o golpe neto da pinga, pero non a vibración do son no espazo. (*Ao público.*) O tremor místico é máis forte que o temperamento do vello teatro, sempre desenfreado e groseiro, con eses brazos que se axitan e eses golpes no peito. A tensión interior deste tremor místico reflíctese nos ollos e nos labios, no son e na maneira de lanzar as palabras.

IGRENA: A ver que tes! Sofres?

TINTAXILES: Si...

IGRENA: Que che doe? Dimo, Tintaxiles, para te poder coirar...

TINTAXILES: Non cho sei dicir, irmá Igrena, dóeme todo...

MEIERHOLD: Sorride! Sorride! Transmítide o sentimento tráxico cun sorriso na cara! Aflición e goce á vez! (*Ao público.*) As emocións da alma están unidas coa emoción da forma, e esta é inseparable do contido!

IGRENA: Ven acá, Tintaxiles... Xa sabes o ben que se está nos meus brazos e o cedo que te han curar... Vén, senta nos meus xeonllos e todo pasará...

MEIERHOLD: As palabras non o din todo. Son os xestos, as actitudes, as miradas e os silencios as que establecen a verdade das relacións humanas... Iso é. Así. Moi ben. E agora, que pasa se baixamos a luz? (*Baixa a luz.*) Ah! Perfecto! (*Ao público.*) A plasticidade dos volumes engrandece o conxunto. O teatro é unha arte de tres dimensións!

NARRADOR/A: Dous meses antes, Stanislavski inaugura o Teatro Estudio.

STANISLAVSKI: ...Hoxe acollemos o regreso do fillo pródigo. Sempre souben que aquel rapazote nervioso era un talento escénico. En certo sentido, a súa última etapa parece coincidir cos meus intereses actuais. Como vostedes saben, o Teatro da Arte naceu para lle insuflar un pouco de verdade ao acartonado teatro decimonónico e darlle a benvida ao século XX cunha arte acorde cos novos tempos. Creo, humildemente, que o conseguimos. Mais o naturalismo tivo a súa época. Agora chegou o momento de levar o irreal ao escenario. Agora é preciso representar a vida non como acontece na realidade, senón coa confusión coa que a sentimos nos soños, nas visións e nos momentos de éxtase. Para esta nova andaina, Meierhold propúxonos un texto do escritor Maurice Maeterlinck, un dos máximos representantes dese simbolismo do que agora tanto se fala. Trátase dunha fermosa traxedia titulada *A morte de Tintaxiles*, coa que Meierhold e a súa equipa experimentarán esa nova maneira de facer teatro que se chama...

MEIERHOLD: ...O teatro da convención consciente.

STANISLAVSKI: Queda inaugurado pois o Teatro Estudio de Vsevolod Meierhold, primeiro laboratorio escénico do teatro europeo! (*Aplauso.*) Viva Rusia! E viva o teatro!

NARRADOR/A: Mil novecentos catro. Meierhold escribe a súa última carta a Chekhov, que morrería dous meses despois de a recibir.

MEIERHOLD: Querido Antón Paulovich! Finalmente non encontraron nada nos meus pulmóns, mais o meu cora-

zón está derreado. Mandáronme vir ao campo, pero éme imposible renunciar á empresa teatral. Que farei se me vexo obrigado a...? Non quero nin pensalo, resultárame tan difícil! Se todo vai ben, o ano que vén a miña nova compañía actuará en Tiflis. Rógolle que veña a vernos porque melloramos moito. Representamos o seu texto *O cerdeiral!* Vin a versión que fixeron Stanislavski e Nemiróvich-Dánchenko no Teatro da Arte de Moscova e, sinceramente, non me avergonzo para nada da que fixemos nosoutros. Non me acabou de convencer a interpretación. A súa peza é abstracta como unha sinfonía de Tchaikovski! É polo oído por onde a debería coller quen a montar. O terceiro acto produce un zunido, unha especie de picor. Unha alegría a través da cal se escoitan os ruídos da morte. Hai algo terrorífico, algo de Maeterlinck. Acudo a esta comparación só por non ser quen de encontrar nada máis preciso. Vostede é incomparable na grandeza da súa arte. Fronte ás pezas dos autores estranxeiros, a súa orixinalidade o coloca nun lugar aparte. O drama occidental terá que aprender de vostede!

NARRADOR/A: Mil novecentos tres. Un día normal na vida do matrimonio Meierhold en Kherson.

OLGA le na prensa. MEIERHOLD chega a casa.

OLGA: (*Axúdalle co abrigo.*) Que tal o ensaio?

MEIERHOLD: Agotador... E gratificante. Como sempre.

OLGA: Liches os xornais?

MEIERHOLD: (*Xoguetón.*) Para iso che teño a ti, para que os leas e me fagas un informe.

OLGA: Houbo unha escisión no partido Social-Demócrata.

Lenin lidera os bolxeviques e Mártov os menxeviques.

MEIERHOLD: Como dis que lle chaman aos de Lenin?

OLGA : Bolxeviques.

MEIERHOLD: Apoiaremos a eses.

OLGA : Véxote moi convencido...

MEIERHOLD: Acórdaste de Milán?

OLGA: Mira que visitamos museos e catedrais! E ti ao chegar ao hotel aínda te puñas a ler no seu libro...

MEIERHOLD: Era *A Chispa*. O seu xornal.

OLGA: Vou ir preparando a cea. Que che apetece comer?

MEIERHOLD: Que tes?

OLGA: Sobras do mediodía. Ou prefires que che faga algo?

CARMEN: Seguimos!

AURORA: Como?

CARMEN: Pasade á seguinte escena.

VSEVOLOD: Pero aínda faltan catro réplicas.

CARMEN: Sobran, Rafael! Imos acabar a escena cando Olga di “era *A Chispa*. O seu xornal”. Unha cousa é representarmos a súa vida pública e outra deternos en detalles da súa vida privada. Imos coa seguinte escena, por favor.

NARRADORA: Mil novecentos dous. Meierhold abandona o Teatro da Arte de Moscova por discrepancias cos seus directores, Vladimir Nemiróvich-Dánchenko e Konstantin Stanislavski.

A escena énchese de néboa e humidade. Do coro saen MEIERHOLD, que se sitúa no centro e está interpretado por VSEVOLOD; NEMIRÓVICH-DÁNCENKO, interpretado por VETERANO; e STANISLAVSKI, interpretado por AURORA.

STANISLAVSKI: Cálmate, Vsevolod. Estás moi nervioso.

MEIERHOLD: Vós sempre me vedes nervioso! É por iso polo que me excluístes da nómina de socios da nova sala da rúa Kammersheer?

STANISLAVSKI: Chekhov transmitiunos a túa opinión sobre a peza de Vladimir. Sabes o moito que lle custou escribir *Ensoño*!

MEIERHOLD: (*A STANISLAVSKI.*) E reafírmome nas miñas palabras! Os espectadores de *Ensoño* revolvéronse nos seus asentos e comprobaron até que punto o seu autor asume unha actitude neutra fronte a burguesía. Si, é un traballo verdadeiro, colorista, de acordo; pero nin profundo nin sincero. Por favor! A mesma crítica sinalou que o seu autor era un digno herdeiro da tradición do sainete. Falades de ofensa? E que hai da ofensa que comete *Ensoño* cara á calidade dos textos de Chekhov ou de Hauptmann? Non é ofensivo que mentres os mellores autores dramáticos da actualidade se esforzan por ofrecerem verdadeiras obras de arte, o señor Nemiróvich-Dánchenko poña todo o seu esforzo en mollar os seus estados de ánimo nunha ensalada de mal gusto?

NEMIRÓVICH-DÁNCENKO: E vaste só porque descubriches que non es quen de apreciar a valía do meu texto...?

MEIERHOLD: As dúas últimas temporadas só me ofrecestes papeis cómicos cando sabedes perfectamente o moito que adoro os grandes papeis serios capaces de traduciren a angustia do home moderno.

NEMIRÓVICH-DÁNCHEKNO: O teu físico ingrato e os teus dons de imitador fanche especialmente apto para interpretares papeis cómicos!

MEIERHOLD: Non pensabades o mesmo cando fixen de Treplev na *Gaivota*.

STANISLAVSKI: Vsevolod, por favor, cálmate...

NEMIRÓVICH-DÁNCHEKNO: Non me fagas rir! Estragaches a *Gaivota* coa túa violencia, coa túa histeria. O que tivemos que ensaiar para conseguir mudar o ton do teu personaxe para a versión do ano pasado! E non fomos nós, senón o propio Chekhov o que nos sinalou que a túa interpretación non se correspondía para nada coa súa óptica da peza.

MEIERHOLD: E aceptei as correccións!

STANISLAVSKI: Vsevolod, por favor...

NEMIRÓVICH-DÁNCHEKNO: O teu principal defecto segue a ser o de sempre: saes ao primeiro acto coma se fose o último.

STANISLAVSKI: Está ben, Vladimir! Deixémolo xa.

MEIERHOLD: Iso, mellor será que o deixemos. Mañá hei de estar en Khersov. (*Sarcástico.*) E vostedes terán sono...

STANISLAVSKI: Cando te vas?

MEIERHOLD: Dirás “cando nos imos”...

NEMIRÓVICH-DÁNCHEKO: Ti e quen máis?

STANISLAVSKI: Vladimir!

MEIERHOLD: Eu e os que pensan coma min. Polo menos seis dos que vós chamades pupilos. Pupilos que non tardaron en darse de conta do superficiais que podedes chegar a ser coas vosas ínfulas de artistas. Enchestes a escena de detalles proclamando a procura da verdade escénica, e por ese camiño perdestes a capacidade para desentrañar a verdadeira natureza dos dramas humanos. Naturalismo? A vosa enfermidade chámase empacho de Zola!

NARRADOR: Mil novecentos un. O Teatro da Arte de Moscova de Stanislavski e Nemiróvich-Dánchenko encóntrase en San Petersburgo representando a peza *Un inimigo do pobo*, de Henrik Ibsen. Fronte a catedral da Nosa Señora de Kazan da capital norteña ten lugar unha manifestación de estudantes, reprimida con dureza pola sinistra policía política do réxime zarista. Meierhold escíbelle unha carta a Chejov na que lle conta a profunda indignación que sente.

VETERANO: Este texto é un pouco longo, non?

CARMEN: Por favor, Veterano, non interrompas!

VETERANO: É que nas anteriores escenas os narradores só din unha frase curta e aquí...

CARMEN: Xa miraremos de acurtalo. (*A VSEVOLOD.*) Agora segue por favor.

MEIERHOLD: (*Indignado.*) Desexo arder no espírito do meu tempo. Desexo que todos os homes de teatro tomen

conciencia da súa alta misión. Non podo considerar tranquilamente os meus compañeiros que, alleos ao interese público, se negan a elevarse por riba dos estreitos intereses de casta. Si, o teatro pode levar a cabo un papel inmenso na transformación de todo o que existe! A xuventude de San Petersburgo demostrouno coa súa actitude de cara ao teatro. Mentres na igrexa e na praza era golpeada, no teatro podía dar renda solta ás súas protestas contra a arbitrariedade policial, destacando do texto de Ibsen frases que aplaudía freneticamente, como “É xusto que uns imbéciles gobernen a xente instruída?” (*O coro aplaude.*) Ou “Cando se vai defender a liberdade e a verdade, non hai por que vestir as mellores galas”. (*O coro aplaude outra vez.*) Estas frases provocaron manifestacións. Unindo os partidos e as clases, o teatro impúxolles a todos unha mesma dor, un mesmo entusiasmo, e impulsounos a protestar contra o que indigna a todo o mundo por igual. O teatro afirmou-se así por riba dos partidos e fixo comprender que chegará un día no que as súas paredes defenderán contra o látigo aos que se esforzaron por gobernar o país en nome da liberdade de todos. Esta axitación pública dos últimos días reanimoume e espertou en min aspiracións coas que eu non ousaba soñar. Teño de novo desexos de estudar, de estudar, de estudar! (*Pensativo.*) Teño que decidir se debo perfeccionar a miña personalidade ou lanzarme ao combate pola igualdade. Isto é o que me gustaría saber. (*Conmocionado.*) Cando miro as miñas mans delgadas, ódioas, porque me vexo tan frouxo e brando como estas mans que

nunca pecharon o puño con forza. A miña vida paréceme como a longa crise dunha horrible enfermidade. Non fago máis que esperar, esperar que esta crise se desate dunha maneira ou outra. Non teño medo do porvir, con tal de que o final chegue pronto, non importa que final...

Silencio. O elenco, paseniño, arrinca a aplaudir. É un aplauso sincero e estupefacto. Aplauden todos, incluído DIESTE, compracido e liberado.

SOLUCIÓN

13. Sobre a recta II

É o día 22 de decembro de 1963. Ruídos de obras no exterior e no piso superior. CARMEN escribe a máquina. Entra RAFAEL. Trae unha carta.

CARMEN: Volviches cedo...

RAFAEL: Mellor deixalos sos. Total para o caso que fan...

CARMEN: Caso non farán, mais ruído...

Escóitase o ruído rítmico das obras. RAFAEL senta no piano. Deixa a carta enriba.

RAFAEL: Que ganas tiña...! Tanto martelo rebéntalle a un a cabeza...!

Durante un anaco, RAFAEL toca o piano mentres CARMEN escribe á máquina.

RAFAEL: *(Sen deixar de tocar.)* Vai vir ela tamén?

CARMEN: *(Sen deixar de teclear.)* Convidámola.

RAFAEL: Porque ti insistiches.

CARMEN: Porque quere pedirche desculpas... E ti debías de facer o mesmo. *(Deixa de teclear)* Que trouxeches aí?

RAFAEL: *(Deixa de tocar.)* Carta de Madrid.

CARMEN: Para min?

Entra VETERANO.

VETERANO: Pódese? Señor Dieste! Como lle vai?

RAFAEL: Home! Mira quen anda aí! O noso actor máis aplicado!

VETERANO: Mágoa que ao final...

RAFAEL: A experiencia pagou a pena. Verdade, Carmen?

CARMEN: Moitas das grande obras de arte da historia da humanidade ficaron inconclusas. Non hai que sentirse mal por iso. Déame unha aperta, Veterano!

CARMEN e VETERANO abrázanse.

CARMEN: Como lle vai?

VETERANO: Se lles digo a verdade... Preocúpame o que poida pasar...

CARMEN: E logo?

VETERANO: Se o fan co presidente americano, poden facelo con calquera... Mesmo con Franco!

RAFAEL: Tranquilo, home! Se non o fixeron até agora...

CARMEN: Din que a Kennedy o matou un tolo. Que non tivo nada que ver coa política.

RAFAEL: E aquí é o réxime o que mata a comunistas como Grimau ou a anarquistas como Granados e Delgado.

VETERANO: Oh! Non falemos de política...! Ah, por certo! Oín que a rapaza andaba por aquí... E non é por meterme onde non me chaman, pero... Ela tamén vai vir?

CARMEN: Nesta casa todo o mundo é ben recibido.

RAFAEL: Que lle parece como está quedando a fachada?

VETERANO: Non me fixei... Como está cos andamios...

RAFAEL: Fíxese ao saír... Interésame moito a súa opinión.

VETERANO: Vostede dálle a todo, eh?... Sempre argallando.

O da obra de Meierhold, o da obra da casa, o libro ese de matemáticas que escribía polas noites... Sempre a argallar cousas... Aínda que ao final non as remate.

RAFAEL: Os comezos gústanme e os finais cústanme.

VETERANO: Véxoo en forma! Nótase que agora está a facer o que realmente lle gusta. Como o leva?

RAFAEL: Como lle din por aquí... Tirando.

VETERANO: Eu tamén lle son moi curioso, eh? Xa ve vostede que fun o único home en todo Rianxo que se meteu no do teatro. Mais o do seu amorío co das matemáticas... É algo que non acabo de comprender.

RAFAEL: É a miña maneira de comprobar que o mundo non é un caos.

Entra un OBREIRO.

OBREIRO: Señor, aquí hai unha rapaza que di que quere falar coa señora.

RAFAEL: Dígalle que pase...

CARMEN: Non. Xa vou eu.

RAFAEL: Carmen!

CARMEN: Que?

RAFAEL: A carta!

CARMEN: Logo a abro!

RAFAEL: Pode ser importante.

CARMEN: Abríchela?

RAFAEL: Xamais se me ocorrería! Mais o remite é de Madrid. Do goberno.

CARMEN: Do goberno?

RAFAEL: Toma. (*Entrégalle a carta.*)

CARMEN: (*Non a colle.*) Xa a abrirei logo! (*Sae.*)

VETERANO: Espera, Carmen, acompañote. Ha de ser Auro-ra, a pobre non anda moi ben despois do que lle pasou á súa filla... (*Sae.*)

RAFAEL fica só. Volve ao piano. Toca. Interrómpese. Mira cara a porta pola que acaban de saír CARMEN e VETERANO. Érguese. Colle a carta. Ábrea.

RAFAEL: (*A ler na carta.*) “Con la presente se le informa a la señora Doña Carmen Muñoz Manzano, esposa de Don Rafael Francisco Antonio Olegario Dieste Gonçalves, de que ha sido aceptada su solicitud de reingreso en el cuerpo de Inspectores de Educación, con destino en la Provincia de La Coruña. A tales efectos el gobierno ruega su presencia en la sede del Ministerio de Educación Nacional, sito en... en el plazo de una semana, para que el reingreso en dicho cuerpo se pueda efecuar durante el comienzo del año 1964. Firmado: Manuel Lora Tamayo, Ministro de Educación Nacional. A 18 de diciembre de mil novecientos sesenta y tres”

Dobra a carta. Gárdaa no peto interior da chaqueta. Volve ao piano. Cando se dispón a volver a tocar, entra CARMEN acompañada de AURORA, HELENA e VETERANO.

VETERANO: Xa estamos todos!

RAFAEL: Dona Aurora. Un pracer vela de novo!

AURORA: Ai, señor Dieste! Non sabe o moito que os botei de menos! Xa me diredes que é o que ten A Coruña que non teña Rianxo...!

RAFAEL: Coruñeses, Aurora! Coruñeses... E pouco máis!

HELENA: Rafael...!

RAFAEL: Señorita Quintía...

HELENA: Tróuxenlle un agasallo...

RAFAEL: A min?

HELENA: Carmen díxome que compraran un pequeno *pick-up* e... (*Dálle un pequeno paquete envolto en papel.*) Espero que lle guste.

RAFAEL: Como lle vai, señorita Quintía? Estivo vostede en Rusia, non é?

HELENA: Case... En Polonia.

RAFAEL: Polonia?

VETERANO: Alí non che eran comunistas...?

AURORA: Eu non sei que se lle deu agora a xente por via-xar! Se a miña nena non tivese marchado a Alemaña con ese malnacido...!

RAFAEL: Pois xa nos estás a contar que é o que ten Polonia que non teñamos en Galicia.

HELENA: Pois... Para comezar... Ten unha Galicia!

RAFAEL: Unha Galicia?

HELENA: É unha rexión situada entre o sur de Polonia e o Oeste de Ucraína... Pero eu alí non estiven, eu estiven en Wroclaw.

CARMEN: Supoño que irías estudar...

HELENA: Non sabedes o moito que aprendín! E o avergoñada que estou...

CARMEN: Avernoñada? Por que?

HELENA: Todas esas teorías que eu tiña na cabeza este verán... Agora véxoas tan anticuadas. Jerzy ten unha concepción moi especial do teatro!

RAFAEL: Jerzy? (*A CARMEN.*) Como eu che dicía, Carmen... Facémonos vellos. E con isto de ser autodidacta...

HELENA: Jerzy Grotowski...

VETERANO: Contró! Outro ruso!

HELENA: Grotowski foi discípulo de Stanislavski, mais superou as súas teorías... Perfeccionándoas... Sabedes o quecemento que fixemos aquel día? Grotowski non cre nese tipo de exercicios. Para el a acción física é o máis importante.

RAFAEL: Daquela... Non está tan lonxe do que pensaba Meierhold.

HELENA: Non... No fondo non está tan lonxe...

CARMEN: Non vas abrir o agasallo, Rafael?

RAFAEL: Ah! Si! Por suposto! (*Ábreo.*)

CARMEN: Ai, que emoción!

RAFAEL: Un disco?

HELENA: É só un *single*. Ten dúas cancións...

RAFAEL: (*Lendo na portada do single.*) “Cien quilos de barro”!
De Enrique Guzmán!

AURORA: A canción do verán!

HELENA: A túa muller, que tan ben te coñece, aconselloume.

RAFAEL: Moitísimas grazas, señorita Quintía... Oh, desculpa... Helena! Ímolo escoitar agora mesmo. Carmen, por que non acendes o *pick-up* e pos o disco? Pero antes... Eu tamén teño algo para ti. Non contaba con isto... Así que é un pouco improvisado e está sen envolver. Espero que non che importe. (*Vai ao escritorio e colle uns papeis.*) Un inédito! Do meu puño e letra! Espero que o saibas valorar...

HELENA: “O asasinato de Zinaida Reich”? Ao final escribiuna?

RAFAEL: Non o vou rematar nunca... Así que agora é teu. En compensación pola miña falta de amabilidade...

HELENA: Oh, non foi para tanto... Podo? (*Abre as primeiras páxinas. Le.*) “O primeiro que se escoita é un disparo. Despois entra a luz...”

A lectura de HELENA é interrompida polas primeiras notas da canción Cien kilos de barro, de Enrique Guzmán, que CARMEN puxo no pick-up.

VETERANO: A todo isto... Señor Dieste... Conseguíuno?

RAFAEL: O que?

VETERANO: Demostrar que o mundo non é un caos. Porque tal e como pinta a cousa...!

RAFAEL: Nesas estamos, Veterano! Nesas estamos...

CARMEN pon o volume da música a todo trapo. Os personaxes míranse, bailan, sorrín, pensan, e sentan nas cadeiras mentres CARMEN lles vai servindo uns cocktails e vai baixando a luz até chegar ao

ESCURO



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE EDUCACIÓN, CULTURA
Y DEPORTE

inaem

INSTITUTO NACIONAL
DE LAS ARTES ESCÉNICAS
Y DE LA MÚSICA